

vilalba

Comezan as obras na Rúa da Pravia, que implican supresión do aparcamento. **Pax. 2**

as pontes

Crean unha Rede pola Igualdade, un espazo de participación cidadá. **Pax. 10**

guitiriz

O Plan deportivo Corresponsables chegará en novembro á vila. **Pax. 14**

meira

Fúndase na localidade a asociación internacional O Camiño Sostible. **Pax. 22**

abadín

A rehabilitación da estrada entre Moncelos e Abadín rematará este ano. **Pax. 25**

Clamor contra o Sergas

A veciñanza de Parga demanda que o seu consultorio recupere a totalidade dos servizos e os de Castro de Rei que o seu volta abrirse



Begonte lidera un programa enerxético

A creación dunha microrrede intelixente bidireccional permitirá un aforro na factura. **Pax. 13**

Un novo museo etnográfico en Matela

No Parladoiro Museo móstranse pezas e aparellos antigos restaurados por un veciño. **Pax. 17**

Invernada de cine



Cabreiros será sede este outono dunha nova Invernada de Cine. **Pax. 19**

Galiña de Mos



Regresa a Feira da Galiña de Mos o día 30 de outubro tras dous anos. **Pax. 21**

Volven as tapas



A Pastoriza volverá contar coa ruta das tapas a final de mes. **Pax. 23**

A Deputación quere libros de texto gratis

Pedirá á Xunta a gratuidade dos manuais e a fin dos recortes de persoal en educación. **Pax. 27**



A vida soa xenial, non a perdas!

30%

de desconto en audífonos



NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba,
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.
N.º R.C. E-27-000111 / E-27-000111 - N.º R.C. E-15-000024 / E-15-001170

Nova zona de descanso no centro de saúde

O Concello de Vilalba dá un novo paso na súa aposta pola humanización do casco urbano, habilitando unha zona de descanso ao carón do centro de saúde.

Aproveitando o espazo de arborado existentes, o concello instalará cinco bancos para o descanso dos veciños. Dous deles xa se poden usar e o concello perimetrará provisionalmente o lugar onde estarán os outros tres, como medida de precaución e á espera de que o Sergas realice unha obras de mantemento nos muros de formigón da zona.

Os bancos serán como os instalados no verán na avenida Terra Chá, realizados con plástico reciclado de alta calidade, 100% re-



ciclables e que ademais non necesitan mantemento. Todos eles contan certificado alemán Blauer Engel para produtos e servizos respectuosos co medio ambiente.

Renovarán as pistas de accesos a dous barrios en Belesar

Renovaranse dúas estradas de titularidade municipal que dan acceso aos núcleos de Len e Penarredonda, na parroquia de Belesar. En concreto, os traballos incluírán a apertura e limpeza de noiros, drenaxe, rexeneración do firme e sinalización dos viais. O orzamento das obras é de 43.538,27 euros.

Estas dúas estradas municipais comunican vías de maior relevancia e capacidade coas vivendas dos veciños da parroquia de Belesar. Teñen polo tanto unha importancia fundamental para a circulación de vehícu-

los lixeiros, pesados e maquinaria en dirección ás domicilios particulares, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

O continuo uso ó que se viron sometidos estes dous viais, así como as condicións meteorolóxicas e o paso do tempo, causaron que os noiros das estradas se saturen de terra vexetal, provocando que as augas pluviais non se evacúen da plataforma da estrada e xerando danos sobre a capa de rodadura.

As obras consistirán na limpeza de noiros e tubaxes de todo tipo.

Comezan as obras de renovación da rúa da Pravia

Comezaron as obras de renovación integral e humanización da rúa da Pravia, impulsando a recuperación para a veciñanza dun dos principais espazos públicos da vila.

O orzamento das obras é de 935.774 euros, dos que a Deputación de Lugo aporta 500.000 euros. A partida máis importante, duns 600.000 euros, será para instalar unha nova rede de abastecemento que solucione os graves problemas existentes. Hoxe asinou a acta de replanteo e mañá comeza a actuación.

Precisamente, os primeiros traballos na rúa consisten en instalar unha tubería exterior provisional, a modo de by-pass durante as obras con entronques en cada inmoible para garantir o subministro de auga. É unha medida de seguridade para deixar de usar xa a obsoleta instalación de fibrocemento e evitar riscos.

A posta en marcha dos primeiros traballos nesta rúa coa instalación da tubería exterior deixou ao descuberto que algunhas das tuberías antigas eran de plomo. O Real Decreto 140/2003 recolle no seu artigo 20 a prohibición da presenza de plomo en augas subministradas a través dunha rede de distribución pública ou privada.

O PROXECTO. O proxecto establece o cambio a dirección única da Rúa da Pravia e a construción dunha rotonda en cada un dos seus extremos, a fin de solventar os problemas de tráfico existentes, mellorando a súa fluidez á vez que se amplía o espazo peonil nunha das principais rúas co-



merciais da vila.

Coa actuación gañarase espazo para o tránsito peonil e para o disfrute da veciñanza, conformando na rúa da Pravia unha plataforma única, ampliando beirarrúas a dimensións acordes co carácter desta rúa, e introducindo zonas verdes.

A configuración abandonará a actual plataforma segregada para crear un 'boulevard' de plataforma continua que garanta a máxima accesibilidade, facilite os tránsitos peonís e recupere a noción de espazo de encontro, paseo e actividade que tivo nos seus orixes, conformada como unha alameda lonxitudinal.

Haberá un carril central para o paso de vehículos rodados de 3 metros. Nas marxes deste espazo rodado aparecerán bandas de 2,2 metros de pavimentos permeables, que alternarán os aparcadoiros coas zonas verdes.

En canto ó nivel de acabados, o obxectivo é o de xeralizar o emprego de materiais cun alto nivel de acaba-

do, acorde co ámbito de centralidade e carácter histórico no que se vai intervir.

Así mesmo, prevense seccións soterradas para a redes aéreas de telecomunicacións e electricidade existentes na rúa, ademais de garantir o acceso ás telecomunicacións e o gas a todos os predios da rúa. A todo elo hai que sumar que a iluminación prevista incorporará tecnoloxía LED de baixo consumo.

ESTACIONAMENTO. Debido ás obras, está prohibido o estacionamento de vehículos na rúa da Pravia. Durante o tempo que duren os traballos, estará habilitado un carril de circulación e permitirase a carga e descarga no comercio e a hostalería. O concello pide de antemán desculpas polas molestias ocasionadas durante as obras, lembrando que a renovación integral e humanización da rúa da Pravia servirá para recuperar para a veciñanza un dos principais espazos públicos da vila.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN

ANOVA



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

O Concello renovará o pavimento do polideportivo do Mato Vizoso

O Goberno local acometerá a renovación do pavimento da pista do pavillón polideportivo do CEIP Manuel Mato Vizoso, unhas obras cun orzamento de máis de 88.000 euros que acometerá con fondos propios.

Con esta actuación, derivada dun acordo entre o grupo de goberno do PSOE e Vilalba Aberta, preténdese renovar a totalidade do pavimento da pista polideportiva e da zona de acceso ós vestiarios.

O pavimento existente na zona adicada á práctica de diversos deportes atópase na actualidade moi deteriorado a causa do intenso uso ó que se ve sometido a diario, así como polo paso do tempo, as oscilacións térmicas habituais na zona ou a existencia



durante tempo de goteiras na cuberta das instalacións (xa arraxadas), que provocaban humidades na súa superficie.

As tarefas consistirán na renovación do pavimento existente, mediante

o nivelado da superficie actual con morteiro e a instalación dun novo pavimento deportivo de PVC de 7 mm de espesor en toda a pista e nos accesos ós vestiarios e unha nova marcaxe das liñas.

O Concello leva ao Consello Consultivo a rescisión do contrato de obras vias no rural

O Concello recibiu o ditame do Consello Consultivo de Galicia no que "informa favorablemente" da decisión do grupo de goberno municipal de rescindir o contrato coa empresa Asfalgal Técnicas Viarias, encargada da renovación de varios vias nas parroquias da vila, por graves incumprimentos na realización dos traballos. En concreto, as obras afectadas eran para o mantemento de varios camiños na parroquia de Alba e outras actuacións para a mellora dos accesos a núcleos de Corvelle, Goiriz, Román, Codesido, Carballido e A Costa. En total, un investimento de 230.000 euros nas pistas. A decisión do concello tomouse para axilizar unha nova adxudicación.

Convocan os concursos da Tasca do Liño

A Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Insua vén de convocar unha nova edición dos concursos de poesía e debuxo con motivo da celebración da XIV edición da Tasca do liño, que terá lugar o 29 de outubro.

Así, repetirán por cuarto ano o concurso de debuxo infantil Insua e o Liño dirixido a todos os pequenos entre 7 e 13 anos residentes na provincia de Lugo.

A organización establece como temática do concurso o cultivo do liño, a Tasca, as fías do liño ou calquera elemento relacionado coa manufactura tradicional testa planta. Para elo, os participantes poderán presentar un máximo dun debuxo cunha breve descrición.

O prazo de participación xa está aberto e permanecerá así ata o 21 de outubro xa que os premios serán entregados ao gañador no transcurso da feira do día 29. Ese mesmo día haberá unha exposición con todos os traballos presentados. Os premios consistirán en vales de compra de material escolar e diploma. Para o primeiro será de 120 euros, para o segundo de 100 e para o terceiro de 80 euros.

Paralelamente este ano volve convocarse a segunda edición do outro certame, nesta ocasión de poesía, dirixido a rapaces e rapazas maiores de 18 anos e admitirase un único poema por persoa. O prazo de entrega de orixinais remata tamén o 21 de outubro.

Convocan un novo concurso de Samaín

Arranca o III Concurso de Samaín Pinta e crea a túa cabaza de Samaín, impulsado dende a concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados.

O certame abrangue tres categorías: infantil, ata os 12 anos; adulto, dende os 13 anos; e artística, que inclúe todas as idades. Os participantes poderán presentarse na categoría que lles corresponda por idade e na categoría artística, cunha cabaza por categoría.

As inscricións poden tramitarse ata o 23 de outubro, a través da sede electrónica do concello ou presencialmente no rexistro.

Como novidade, nesta edición un xurado profesional decidirá as tres mellores cabazas en cada categoría. Concederanse tres premios por categoría de 100, 75 e 50 euros. Ademais, como nou-



tras edicións, a cidadanía poderá votar pola súa cabaza favorita. Deste modo, a cabaza máis votada polo público en cada categoría recibirá un premio de 50 euros.

As cabazas entregaranse para o concurso 30 de outubro, quedando expostas na Praza da Constitución. Tras a entrega de premios, a compañía Assircópatas ofrecerá o espectáculo Abracadaver. Ademais, o Concello de Vilalba anuncia unha sorpresa para o público asistente ao evento.

Revisan e renovan os sistemas de pararraios

O Concello vén de revisar os sistemas de pararraios dos edificios públicos e os centros de ensino do municipio, renovando algúns dos equipos. "Con esta actuación, o concello adapta-se á normativa UNE, que non é de obrigado cumprimento pero si recomendada polos Comités Técnicos de Transporte e Enerxía Eléctrica, co obxectivo de aumentar a sensibilidade na protección fronte á acción dos raios ocasionados polas tormentas", afirma Eduardo Vidal, concelleiro de Réxime Interno, Seguridade cidadá e Servizos.

Foron revisadas xa as instalacións dos correspondentes pararraios nas seguintes localizacións: casa do Concello; pavillón deportivo; CEIP Insua Bermúdez; CEIP Mato Vizoso; CEIP Terra Chá de Román; Escola Infantil; gardería municipal; CEIP Monseivane de Lanzós, e auditorio municipal. Con estas actuacións conséguense, ademais de ter un diagnóstico certo do estado dos pararraios, actualizar os elementos de protección contra os raios das tormentas que levaban xa demasiado tempo sen revisar.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito

O Concello cursará accións legais polas inxurias e calumnias nas redes sociais

O Concello de Vilalba emprenderá accións legais contra todas aquelas persoas ou colectivos que cometan delitos de inxurias o calumnias nas redes sociais municipais, ou ben naquelas páxinas e perfís que reproducen as informacións do concello. O concello respecta os comentarios nas redes sociais, entendendo a importancia da liberdade de expresión e a comunicación bidireccional, pero non pode permitir os que inclúen inxurias e calumnias. Ademais, porá en coñecemento das forzas de seguridade e as autoridades xudiciais a existencia de perfís falsos, co obxectivo de comezar unha investigación.

EN BREVE

NAUSTI. A Asociación Cultural e Recreativa Nausti celebrará clases de ioga todos os venres de 20.15 a 21.15 horas na Casa Escola de Noche. Esta actividade está a cargo da monitora Elif e terá un prezo de dez euros para socios e de 15 para os non socios. O prazo de inscrición remata o 15 de outubro.

CORVELLE. A Casa Escola de Corvelle, en Vilalba, acollerá clases de baile todos os venres a partir das 19.00 horas segundo anunciou a asociación de veciños. O interesados en anotarse poden facelo cos membros da asociación.

SANTABALLA. A Asociación Agarimo de Santaballa ten previsto realizar durante o ano unha serie de obradoiros. Así, haberá ioga os martes de 20.30 a 22.00 horas a un prezo de 20 euros ao mes. Tamén haberá pilates os mércores de 19.00 horas a 20.00 horas e outro de pandeireta.

Concelleiros do PP e Vilalba Aberta abandonan o Pleno

O PP e Vilalba Aberta abandonaron o Pleno no transcurso da sesión como modo de protesta pola decisión de converter cinco das súas mocións en rogos. Os voceiros de ambos grupos da oposición pediron a palabra unha vez iniciada a sesión para mostrar a súa disconformidade con esta decisión da Alcaldía e que o equipo de Goberno xustificou en base a un informe xurídico de Secretaría. O Grupo Municipal Popular de Vilalba lamenta o “autoritarismo” da alcaldesa e do goberno do PSOE e condena a decisión da alcaldesa, “unha decisión que non debería ter pasado nun Estado de dereito”, segundo subliña a voceira, Sandra Vázquez. “Nunca tal se acorda en 40 anos de democracia en Vilalba”, remarca. “É incomprendible que polo tomo y mando da señora alcaldesa non se podan someter á votación dos membros da corporación municipal propostas de interese para os vilalbeses coma as presentadas pola

oposición”, valora a popular. Deste xeito, “evita que os veciños e veciñas coñezan cal é o posicionamento do PSOE” porque, segundo manifestou Veleiro no pleno, “o goberno xa sabe o que ten que facer”. Pola contra, “o que si permite someter a votación do pleno de Vilalba son peticións a outras administracións; pero o que é competencia do Concello non se pode votar porque molesta ao equipo de goberno socialista”. Deste xeito, “evita ter que cumprir os acordos que tomase a maioría do pleno”. A voceira popular lamenta, polo tanto, que “non se puidera coñecer o posicionamento do goberno local sobre propostas relevantes para Vilalba e os vilalbeses que foron presentadas en tempo e forma polos grupos da oposición para seren debatidas e votadas, como se fixo sempre ata o de agora”. O Grupo Municipal Popular propoñía convocar a Comisión de Contas de cara á elaboración do orzamen-



to para o ano 2023 porque “o PSOE está a gobernar coas contas do ano 2019 para as que os propios socialistas votaran en contra”. Ademais, tamén solicitaba unha campaña para a dinamización e reactivación do pequeno comercio local en coordinación coa asociación de empresarios, así como o incremento da subvención ao Vilalba FS para a temporada 22/23.

VILALBA ABERTA. Vilalba Aberta calificou a situación do “intento desesperado de silenciar á oposición”, que tal e como explicou o voceiro municipal da formación, Modesto Renda, “deixa en mans da alcaldesa e o seu goberno a decisión última de que temas se debaten e, o máis importante, de cales se votan e cales non.” O edil, que cualificou a decisión de

“atropelo democrático sen precedentes na historia do Concello de Vilalba”, lembrou que só existen “dous precedentes semellantes na provincia en máis de corenta anos de período democrático”. Das 6 iniciativas rexistradas en forma de moción por parte dos dous grupos da oposición (3 do PP e 3 de VA) “a alcaldesa botou abaixo 5, manténdose unha das de 3 de VA, xustamente a única que non interpela ao goberno local, se non que se dirixe á Xunta ao respecto do Centro de Saúde.” As outras dúas iniciativas de VA, isto é: a relativa á situación do Vilalba FS e a outra que, de aprobarse, abriría o paso a un investimento de 250.000€ na rede viaria de 8 parroquias, nin tan sequera se podían votar na propia sesión ordinaria.

Os populares urxen a licitación do contrato da recollida de lixo

O PP urxe ao goberno local a sacar a licitación o contrato de recollida do lixo e limpeza viaria “que atenda as necesidades da vila e das parroquias e, polo tanto, ofrezca un bo servizo aos vilalbeses”. Os populares volven esixir “pasos firmes” nese sentido ante “a incomodidade que xera aos veciños o deficiente servizo”. De feito, “son moitas as queixas que nos trasladan pola falta de recollida e a

acumulación de lixo: algúns contedores botan días cheos e nalgúns lugares non se realiza a recollida durante semanas”, expón a voceira, Sandra Vázquez. A popular explica que “está a piques de cumprir dous anos caducado. É máis, a alcaldesa comprometérase no 2020 a sacar a licitación o novo contrato nese mesmo ano, pero seguimos sen saber nada”.



CEIP TERRA CHÁ. O artista Iago Eireos realizou un mural conmemorativo do pintor e ilustrador galego Reimundo Patiño, realizado dentro do programa IlustraNOS nunha das paredes do polideportivo do CEIP Terra Chá. Este centro convértese así nun dos dez colexios seleccionados para levar a cabo estes murais na provincia de Lugo.



VA

VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
 CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
 REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
 CAPITULACIONES PATRIMONIALES
 PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606
📷 veiguelabogados f veiguela abogados

O Goberno investirá uns 842.000 euros na rehabilitación do parador

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, puxo en valor os máis de 2,1 millóns de euros que o Executivo Central inviste para actuacións de mellora nos Paradores de Vilalba e Monforte de Lemos. Estes traballos encádranse dentro do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, liderado pola Secretaría de Estado de Turismo, para levar a cabo traballos de conservación e rehabilitación nestes dous paradores, declarados Ben de Interese Cultural (BIC). Dito orzamento procede do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado polos fondos Next Generation da UE, e ten como finalidade a rehabilitación, mantemento e embelecemento do patrimonio histórico da rede de Paradores de Turismo. Isabel Rodríguez, acompañada da alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e do director do Parador, Antonio Graña, destacou a forte aposta inversora do Goberno para este programa que ten como obxectivos potenciar a conservación do patrimonio histórico de uso turístico e poñelo en valor para dinamizar a economía e fortalecer estes destinos. “O Goberno demostra con feitos e non con palabras



o compromiso con Lugo, estes novos investimentos permitirán conservar e potenciar o rico e abundante patrimonio que ofrece a nosa provincia”, engadiu a subdelegada. Durante o encontro, Isabel Rodríguez detallou as principais actuacións que se levarán a cabo no parador de Vilalba cun orzamento de 841.424,50 euros. Concretamente, serán traballos de rehabilitación e conservación da torre, así como melloras e renovación do alumeado da torre e do almenado con criterios de eficacia e eficiencia enerxética. “Prendemos mellorar e embelecer, máis se cabe,

esta torre da época medieval cargada de historia, que é un potente reclamo turístico, cultural e gastronómico, pois por aquí transcorre o Camiño Norte de Santiago, ofrecendo experiencias únicas aos visitantes”, engadiu a subdelegada. Neste senso, a subdelegada do Goberno destacou que estas actuacións son unha oportunidade única para preservar o Patrimonio Histórico co que contan estes Paradores da provincia, poñendo en valor estas áreas, e mellorar e diversificar a oferta cultural e as motivacións para futuros viaxeiros.

Instan á Xunta a dotar de persoal o centro de saúde e melloras na captación

O Bloque Nacionalista Galego en Vilalba esixe ao goberno da Xunta de Galicia a que dote de persoal facultativo o centro de saúde e PAC de Vilalba, o que leva dende casi un ano con dificultades para poder garantir o funcionamento pleno.

O BNG xa denunciou este situación cunha campaña de recollida de sinaturas á veciñanza afectada esixindo a recuperación dos servizos. Recolléronse máis de 450 sinaturas, mais a situación segue no mesmo punto desde varios meses. Por todo isto, o BNG insta a mellorar o servizo no centro de saúde e PAC da localidade coa dotación total das prazas de persoal facultativo coas que conta o centro, a restitución urxente do persoal especialista en pediatría e a dotación de recursos materiais suficientes para garantir o seu pleno funcionamento.

Mónica García, responsábel local do BNG en Vilalba, declarou “esta é a realidade do desleixo e desmantelamento da sanidade pública, é indecente que se esté negando á

veciñanza o seu dereito á saúde”. A responsábel local do BNG destacou “houbo anuncios da Xunta coa mellora do servizo do centro de saúde, mais quedou claro que só foi propaganda; desde o BNG continuaremos defendendo a nosa sanidade pública”.

CAPTACIÓN DE AUGA. O grupo de goberno do Concello de Vilalba “remitirá a Augas de Galicia unha memoria para a ampliación das infraestruturas de captación e abastecemento, para que téndoa como base, realice o oportuno proxecto técnico e a súa posterior execución”.

Ademais, solicita o financiamento desta actuación con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia da anualidade 2023. No texto da moción, o grupo de goberno afirma que “as instalacións actuais, tanto de captación como de tratamento, son notoriamente insuficientes para asegurar a demanda e as necesidades crecentes de subministro do concello, fundamentalmente as do polígono industrial”.

AC

Arias & Casabella S.L.
CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS

Tels.: 670 015 338 / 639 893 298
ariasycasabella@yahoo.es
www.ariasycasabella.com



**COMPRAMOS CHATARRA
GESTIÓN DE RESIDUOS
ALQUILER DE
CONTENEDORES**



Gran éxito de público na volta da Feira de Gando



Gran éxito de público e de gando no regreso da Feira do Gando Vacún de Carne, que regresaba a Friol tras dous anos sen poder celebrarse pola pandemia.

A Gandería Santos Buján fíxose co premio ao mellor lote, acaparando o primeiro e o terceiro premios en vacas, o segundo en novillas.

Outra das ganderías máis galardoadas foi Penín Puente, que recibiu o primeiro premio en femias menores 8 meses e en novillas e o segundo en machos, tanto na categoría de menores de oito meses como na de maiores.

Ganadería da Morena tamén foi premiada en varias ocasións, levouse o primeiro premio en machos menores, o segundo en vacas e

dous terceiros, en femias e en machos menores de 8 meses.

Ademais houbo premio para Alfredo Méndez Cáceres (o primeiro en machos menores de 8 meses), Adrián da Picha (o segundo en femias menores de 8 meses), a Ganadería Santalla (o terceiro en machos maiores 8 meses) e Ganadería Gonzalo Seoane (que se levou o terceiro en novillas).

O alcalde da localidade, José Ángel Santos Sánchez, agradeceu o traballo dos gandeiros "sen dúbida, sen a súa implicación sería moi difícil conseguir que o día de hoxe fora un éxito en todos os aspectos, participación de gando, calidade das reses e sobre todo afluencia de público.

O PP defende o traballo dos GES

O PP demandou no pasado pleno provincial unha maior implicación da Deputación nos Grupos de Emerxencias Supramunicipais. "No debate, o presidente, José Tomé, e os portavoces socialista e nacionalista incorreron en agravios aos profesionais deste servizo", din dende o PP. Por iso, o seu portavoz na Deputación, Javier Castiñeira, quixo facer chegar, dende Friol, o total respaldo dos populares aos traballadores dos GES, así como a plena confianza na súa profesionalidade.

Castiñeira explica: "No día de hoxe acercámonos ao Concello de Friol e xunto co alcalde, José Ángel Santos, visitamos ás instalacións do GES neste municipio. Quixemos mostrar aos membros deste Grupo de Emerxencia Supramunicipal, recentemente montado, o noso apoio e a máxima confianza; apoio e confianza a eles e a todos os membros dos GES da provincia. Lamentamos que no debate de onte da moción presentada polo PP para pedir máis implicación, o goberno (PSOE e BNG) e, especialmente o presidente Tomé, puxeran en dúbida a profesionalidade destes grupos". Sinala: "Pedimos unha rectificación inmediata por parte do presidente, que insinuou que os GES non están



dedicados todo o seu tempo ás súas atribucións e que incluso fan traballos a particulares. Lamentamos estas manifestacións do presidente e esperamos que corrixa ou, en todo caso, denuncie se coñece algún caso no que se faga tal cousa. No PP entendemos que iso é unha ocorrencia máis do presidente da Deputación, ao que se ve excesivamente alterado nestes últimos días".

Os populares indican que, despois do pleno do martes, xa saben "porque Tomé non se compromete coa modernización dos GES (como fixeron noutras provincias), a Xunta de Galicia e os concellos que son base de GES, como é o de Friol". Engade: "Sabemos que é un problema de falta de coñecemento do servizo e de que o señor Tomé cumpre or-

des do señor Formoso, presidente da Deputación de A Coruña, que tampouco se comprometeu con estes grupos e a súa modernización".

Pola súa parte, o alcalde de Friol, José Ángel Santos, deputado provincial que defendeu na Deputación a moción popular, sinalou hoxe: "Demandamos xestión ao presidente da Deputación. Despois de tres anos de estar de vacacións, só pedimos que vele polos intereses e pola mellora dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, formados, profesionalizados e necesarios para o día a día da convivencia entre veciños e para que estean protexidos fronte ás emerxencias, con tempos de resposta minimizados comparados cos dos parques de bombeiros que abarcan zonas moi amplias".

A Special Olympics pasou por Friol

Friol acolleu a X Décima Edición da Marcha Ciclista Unificada, organizada pola Asociación Special Olympics Galicia, que é unha asociación de nais e pais, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual, que traballan para promover a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual a través do deporte, o ocio, a cultura e o voluntariado.

A etapa celebrada en Friol tivo un



percorrido de 24 quilómetros con saída e chegada ao campo de fútbol da Reigosa.

Unha actividade que forma parte do programa deportivo que, anualmente, leva a cabo a entidade galega para promover a práctica deportiva

entre as persoas con capacidades diferentes e á que a Deputación de Lugo achega 8.000€.

Desde o Concello de Friol agradeceron a Special Olympics "que contaran por segundo ano co noso municipio para celebrar esta xornada".



ANDAINA. Preto de 370 persoas participaron na Andaina Popular de Friol, unha actividade impulsada polo Concello e o CPI Douro López Suárez e que tiña como obxectivo potenciar o deporte na sociedade. O percorrido foi de cinco quilómetros e arrancou dende a casa consistorial ata a Mámoa de Cotá polo Camiño Real. Todos recibiron unha camiste conmemorativa.

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 YILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

III CONCURSO DE SAMAÍN

pinta e crea a túa cabaza de SAMAÍN

30 outubro 2022

Praza da Constitución de Vilalba

11:00 a 12:00h.

RECEPCIÓN DE CABAZAS

- CATEGORÍA INFANTIL
(ata 12 anos)
- CATEGORÍA ADULTO
(dende os 13 anos)
- CATEGORÍA ARTÍSTICA
(todas as idades)

12:00 a 17:00h.

VOTACIÓN POPULAR

17:00h.

ENTREGA DE PREMIOS

espectáculo

ABRACADAVER

Compañía Assircópatas

INSCRICIÓN:

DENDE A PUBLICACIÓN DAS BASES ATA
O 23 DE OUTUBRO DE 2022

SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO OU
PRESENCIAL NO REXISTRO
DE LUNS A VENRES, DE 9 A 14h.

PREMIOS:

VOTACIÓN XURADO

CATEGORÍAS:

INFANTIL - ADULTO - ARTÍSTICA

1º PREMIO: 100€ + DIPLOMA

2º PREMIO: 75€ + DIPLOMA

3º PREMIO: 50€ + DIPLOMA

(POR CATEGORÍA)

VOTACIÓN POPULAR

CATEGORÍAS:

INFANTIL - ADULTO - ARTÍSTICA

UN ÚNICO PREMIO DE 50€

(POR CATEGORÍA)

Na categoría Infantil, cada participante que non resulte premiado recibira un pequeno agasallo



Concello de Vilalba

O Concello concede a licenza a Endesa para a construción do laboratorio central

O departamento de Urbanismo do Concello das Pontes outorgoulle a Endesa licencia de obra para a construción do laboratorio central da compañía. Desde o Concello das Pontes sinalan que “esta nova edificación centralizará todos os servizos de analíticas da compañía en España e amosa o seu compromiso con As Pontes, garantindo a súa presenza na localidade e asegurando postos de traballo técnicos de alta cualificación. Desde o equipo de goberno valoramos moi positivamente a súa aposta pola nosa vila fronte a outras posibles ubicacións”.

A nova infraestrutura, que se situará nunha parcela da Central de Ciclo Combinado, terá unha superficie total construída de 953,95 metros cadrados distribuídos nunha sala de

servizos técnicos, unha sala de analíticas de laboratorio e unha área anexa que será empregada como almacén de produtos químicos. Esta nova edificación tamén contará con espazo para despachos, sala de visitas, aseos, vestiario, almacéns, sala de reunións, etc.

Neste novo laboratorio levaranse a cabo investigacións e análises relacionados con mostras de reactivos e materiais, preparación de mostras sólidas para o tratamento de análise de mostras sólidas e auga, preparación e corte de metalografía para o estudo do características micro estruturais ou constitutivas de metais ou aliaxes relacionándoas coas propiedades físicas, químicas e mecánicas, cromatografía de gases e líquidos.

A CIG pide aclaración sobre a capacidade de evacuación no concurso de transición xusta

A CIG pide ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, á Xunta e ao Concello información sobre a capacidade de evacuación asignada ás Pontes para o concurso de transición xusta. De igual xeito, volve reclamar a convocatoria pública para a liberación urxente dos 700 MW de evacuación que Endesa ten asignados para os grupos 3 e 4 (cuxo peche xa foi autorizado) e a convocatoria do concurso de transición xusta deses MW, pois “é aí onde realmente a comarca se

xoga a súas a reindustrialización”.

A CIG fai este chamado ante a modificación que Red Eléctrica, empresa pública de transporte de electricidade, vén de facer dos criterios técnicos para calcular a capacidade de evacuación, contemplando tres escenarios diferentes e outorgando a capacidade evacuación ao menor dos tres escenarios. “Neste novo sistema de cálculo, á central térmica das Pontes corresponderían, non tería concurso de transición xusta”, din.

A factoría de pneumáticos, declarada proxecto estratéxico

O Consello da Xunta aprobou a declaración do segundo proxecto industrial estratéxico de Galicia, promovido por Sentury Tire para a implantación dunha planta de pneumáticos nas Pontes que permitirá dar un paso máis para dinamizar a actividade industrial nesta localidade coruñesa.

“Trátase dunha iniciativa especialmente importante para a comarca coruñesa, pero tamén o é para toda Galicia pola súa transcendencia”, aseverou o presidente Rueda sobre esta nova factoría, da que avanzou que terá unha produción “de 12 millóns de pneumáticos de alto rendemento ao ano” e suporá “un investimento de 531 millóns de euros e impulsará a creación de 750 empregos directos”.

O proxecto está integrado por unha planta de proceso de fabricación, un taller de materiais de mestura, un almacén, un taller de construción de pneumáticos e un taller de vulcanización. O proceso de fabricación de pneumáticos centrarase en catro fases diferenciadas: a produción de compostos, a fabricación de compoñentes, a montaxe do pneumático e a fase de almacenamento, a través dun proceso automatizado que permitirá a distribución e a carga final da mercadoría nos camiós de transporte para a súa saída da factoría.

O obxectivo é o desenvolvemento e fabricación de pneumáticos PCR (Passenger Car Radial Tire) e LTR (Light Truck Radial Tire) de alto rendemento para turismos, vehículos comerciais, todoterreos, de estradas, de competición e avións civís, cunha produción anual prevista de



12 millóns de pneumáticos.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos- mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

A iniciativa súmase á declaración tamén como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, promovida por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes. De feito, os pneumáticos verdes son unha alternativa ecolóxica e máis eficiente para os automóviles e dan resposta á redución do consumo de combustible e á minimización da pegada de carbono deixada ao crear o propio pneumático. A factoría servirase de subministracións enerxéticas alternativas como o hidróxeno verde da futura planta de H2Pole.

Prevese un importante impacto deste proxecto no porto de Ferrol, pois

boa parte da súa produción vai ir destinada ao mercado norteamericano, onde a compañía conta cunha rede comercial propia. A actividade verase incrementada tanto pola exportación de produto elaborado como pola importación de materias primas. A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao estima movementos anuais cos que cuadruplicar o tráfico de contedores na terminal, ademais da creación de 30 postos de traballo directos na terminal do porto.

Por outra banda, Endesa acordou con Sentury Tire ceder os terreos para instalar a fábrica de pneumáticos

O acordo entre ambas as empresas coñécese despois de que o Ministerio de Transición Ecolóxica anunciase a súa resolución de peche da central das Pontes, que será efectivo de inmediato para dous grupos xeradores e con carácter diferido para os outros dous. Neste último caso o cesamento de actividade producirase cando se modifiquen determinadas regulacións do mercado eléctrico.

Fixemos os deberes!

adamo
La mega fibra

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**

13€
/mes
44€/mes

AFORRA
279€!



Durante 9 meses!



Chama gratis ao **900 651 679** ou visítanos en **adamo.es**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 24/08/2022 e o 14/11/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 13€/mes, despois PVF total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. LÍMITOS ADICIONAIS LIMITADOS A UN MÁXIMO DE 4 POR CLIENTE.

Comeza a segunda edición do proxecto socioeducativo Espazo en Familia

O Concello das Pontes puxo en marcha, o luns de 10 outubro, a segunda edición do programa de apoio socioeducativo Espazo en Familia dirixido a todas as familias pontesas con fillos e fillas menores de idade escolarizados nos centros educativos das Pontes.

Unha iniciativa que ten como obxectivo prioritario ofrecer aos pais e nais un lugar para compartir as súas inquedanzas sobre a crianza e educación dos seus fillos e fillas e poder abordarlas con éxito e que, segundo palabras da concelleira de Educación, Tania Pardo “busca que as familias que participen neste programa, coa axuda de profesionais no ámbito da educación social, da terapia familiar e da psicoloxía e educación intantil, aprendan a desenvolver accións de crianza positiva que faciliten e promovan o desenvolvemento dos seus fillos e fillas”.

O programa, no que se establecen diversos grupos de traballo, dirixidos ás familias con fillos e fillas menores escolarizados nas distintas etapas educativas, a través de sesións grupais e individuais e accións de formación, abordará nesta segunda edición temáticas como a conciliación e autocoidado familiar,



a xestión dos momentos de crise (divorcios, separacións...) ou a xestión de conflitos e rabietas.

Haberá tamén formación para as familias centrada en aspectos

como rol da familia no deporte, a educación para o consumo ou as condutas aditivas relacionadas coas novas tecnoloxías así como charlas sobre afectividade e a

sexualidade.

Así mesmo, Espazo en Familia tamén está orientado a mellorar as técnicas de comunicación e negociación, aprender a criar aos fillos e



fillas de forma segura fomentando a autoestima e o apego así como aprender a crear unha conexión emocional e influir positivamente nos nenos e nenas.

O programa Espazo en Familia arranca o día 10 de outubro, ás 18:30 horas, na Casa Dopeso, cun coloquio sobre conciliación e autocoidado nas familias no que se abordarán cuestións como o manexo do estrés, o coidado das relacións sociais, a escoita activa ou a adaptación aos cambios para fomentar o benestar, tanto físico como emocional, da unidade familiar.

Todas as familias interesadas en participar neste coloquio sobre Benestar e Saúde Emocional na adolescencia poden inscribirse nesta ligazón no teléfono 622 155 806 ou no correo electrónico espazoenfamilia@gmail.com.

“Creamos un espazo para que as familias compartan necesidades e preocupacións”

Tania Pardo é a concelleira de Educación no Concello das Pontes e responsable do proxecto

Como foi a experiencia o ano pasado?

O ano pasado arrancamco co programa no terceiro trimestre do curso escolar. O Espazo Familia está concebido en varias liñas e nas sesións grupais, as que son máis en formato charla, falouse de saúde mental, prevención de pantallas, altas capacidades, necesidades educativas especiais, e tivemos unha reacción moi positiva xa que participaron 80 familias nese apartado. Paralelamente están pensadas unhas sesións individuais, cunha única familia ou un pequeno grupo delas que teñan problemáticas en común e trátanse esas temáticas, con especialistas do tema. Nestas sesións participaron unhas 15 familias.

Que pasa nesas sesións individuais?

Principalmente se lles poñen unhas pautas, un plan de traballo

para que sigan na casa. Isto é así con cuestións como o estudo dos rapaces e rapazas pero noutras temáticas máis complexas, como saúde mental, adiccións, etc, se lles fai un seguemento e asesoramento. O que buscamos é que sexa un espazo no que as familias compartan esas necesidades e preocupacións que teñen, falen entre elas, empaticen, para que dé lugar ao diálogo e o desfogo. Deste xeito podemos comprobar que existen problemáticas comúns e coñecer formas de abordalas.

Que inquedanzas son as máis habituais?

As máis destacadas son os estudos, a xestión dos conflitos, as novas tecnoloxías e o seu uso. As familias tamén amosan preocupación e interese polas necesidades educativas especiais, incluídas as altas capacidades. Paso previo á configuración do



programa, desde o departamento de Benestar Social detectamos unha serie de temas de interese e, a través deste programa tratamos de darlles res-

posta, temas como o coidado, a alimentación, a lactancia ou a xestión de conflitos formarán parte desta segunda edición.

De cara a este ano, que hai previsto?

Nesta segunda edición de Espazo en Familia seguiremos abordando aquelas temáticas que as familias plantexen. Comezamos o día 10 cunha charla coloquio sobre conciliación familiar e autocoidada para, a continuación, afondar en aspectos como a xestión de conflitos (separacións, divorcios, perdas familiares) o establecemento de límites, o rol da familia no deporte ou o consumo responsable, entre outros aspectos. Falaremos de motivación, de técnicas para organizar o estudo, de sexualidade e afectividade, etc. Este ano imos abordar as ludopatías nas redes sociais, especialmente na adolescencia. Tamén falaremos de

TEA, estando sempre a disposición das familias para abordar calquera temática que nos plantexen.

E de cara ao futuro?

Este proxecto está concebido para traballar paralelamente nos centros educativos, e abordar as temáticas que se tratan en Espazo en familia nas aulas dos centros educativos das Pontes. O seguinte paso é establecer un marco de colaboración cos centros da nosa vila para avanzar cara un proxecto integral que aborde as inquedanzas dos pais e nais das Pontes desde múltiples perspectivas”.

Estas sesións están pensadas logo para pais, non para os nenos.

Certamente, é un programa dirixido ás persoas adultas da familia, é un espazo concebido para que compartan as inquedanzas e problemáticas socioeducativas que afectan aos seus fillos e fillas.

Que periodicidade teñen?

As sesións son semanais, tanto as grupais como as individuais. As grupais teñen lugar todos os luns polas tardes e as individuais hai a posibilidade de facelas pola mañá ou pola tarde tanto os luns como os sábados.

Crean nas Pontes unha rede pola igualdade



As Pontes iniciou a creación dunha Rede pola Igualdade, cun primeiro encontro dos axentes sociais implicados. Trátase dun espazo de reflexión e participación cidadá, e de formulación de ideas, composto por entidades asociativas e que vén a dar resposta ás necesidades detectadas en diferentes iniciativas de debate e formación desenvolvidas con anterioridade.

Na avaliación da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de Xénero realizada no ano 2020, na que se analizou a andadura deste órgano durante case unha década, detectouse a necesidade de impulsar a colaboración e cooperación entre as entidades asociativas para contribuíren á promoción da igualdade.

Así mesmo, a través de entrevistas e xuntanzas con múltiples asociacións, percibiuse unha alta predisposición das mesmas a unha maior cooperación entre elas e co Concello. É por iso que dende a Concellería de Benestar Social e Igualdade “se entendeu necesario comezar a darlle forma a un espazo no que as entidades asociativas poidan poñer en común as súas accións coa finalidade de favorecer a colaboración entre elas”, destacou

Tania Pardo.

Con ese motivo, tivo lugar este encontro de presentación da Rede, ao cal asistiu un total de 21 persoas en representación de 15 asociacións, así como persoal municipal da Área de Benestar Social e do Centro de Información ás Mulleres.

A composición deste primeiro encontro serviu para constituír o grupo motor ou impulsor da Rede, e caracterizouse por unha ampla diversidade, contando con entidades do ámbito da educación, da igualdade, do voluntariado, en prol do desenvolvemento rural, vinculadas á inclusión social ou de promoción do emprendemento e iniciativa empresarial, entre outras.

No encontro concluíuse principalmente a necesidade de impulsar un espazo de participación cidadá na liña do presentado, así como se identificou unha alta disposición das entidades a implicarse na Rede. Tania Pardo puxo en valor este interese en colaborar, así como amosou o agradecemento en nome do Concello pola resposta ofrecida polo tecido asociativo.

Proximamente daranse novos pasos para a consolidación deste espazo a través de novos encontros.

Presentan as propostas de axudas do Ministerio ao empresariado

Ana Pena, concelleira de Industria, participou nun encontro informativo co tecido empresarial, no que tamén participou a axente no territorio do Instituto de Transición Xusta, Nuria Álvarez, para presentar o borrador das bases das axudas do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para impulsar a xeración de novas actividades e a diversificación económica nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas.

Durante esta reunión, Ana Pena, lembrou a importancia destas axudas, “ para todos os concellos que estamos no camiño da transición xusta. Trátase dunha liña moi importante que permitirá que novos proxectos empresariais se asentem neste territorios. É ademais unha axuda necesaria xa que precisamos ese impulso e apoio que nos axude a levar o camiño da transición de forma axeitada e a recompoñer a perda de postos de traballo ou de economía que poidan supoñer o pe-



che das centrais térmicas”

Ana Pena tamén apuntou que desde o Instituto de Transición Xusta ten previsto, nas vindeiras semanas, publicar a orde coas bases destas axudas de apoio a novas iniciativas empresariais e “ con esta reunión queremos dar a coñecer o borrador desta orde, co fin de que o tecido empresarial da vila teña clara as ba-

ses para a elaboración dos proxectos de cara á presentación de propostas a esta convocatoria”.

Pola súa banda, Nuria Álvarez, lembrou que a convocatoria está destinada a un amplo sector empresarial, cunha intensidade de axuda, fixada pola Unión Europea que podería chegar ata un 35% do orzamento do proxecto.

A Xunta ten en exposición pública o plan sectorial das Pontes

A Xunta de Galicia avanza na tramitación da modificación puntual número 2 do Plan sectorial de ordenación da áreas empresariais de Galicia (PSOAE) coa exposición pública do mesmo durante o prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A modificación do PSOAE, aprobado no ano 2014, ten por obxecto mellorar a inserción territorial e a viabilidade técnica e económica dalgunhas actuacións previstas inicial-

mente neste plan e delimitar novas áreas empresariais atendendo á demanda prevista.

Nesa liña, búscase acadar unha maior aproximación á realidade física, ambiental e económica de cada enclave ou zona obxecto de modificación, de xeito que as diferentes propostas de parque empresarial se integren mellor nesa realidade, afondando nos criterios de sustentabilidade, viabilidade e racionalidade. Entre os concellos afectados pola

modificación está As Ponte.

Ademais, os cambios introducidos no plan sectorial permiten reaxustar o ámbito dalgunhas actuacións, eliminar outras e incorporar novos parques, que nalgún caso substitúen a outros eliminados nesta mesma modificación.

As dúas actuacións restantes delimitáanse ex novo: a Área Industrial e Loxística do Tesouro-Portorroibo, nas Pontes de García Rodríguez, e o parque de Louredo, en Mos.

Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

Aberto o prazo para anotarse ás escolas deportivas municipais

O Concello das Pontes xa ten aberto o período de inscrición nas escolas municipais deportivas para persoas adultas e infantís. O departamento de deportes habilitará tres vías para realizar a inscrición; de forma telemática, a través da sede electrónica ou do e-mail do departamento (deportes@aspontes.org), e de forma presencial, no primeiro piso da casa consistorial e só se admitirá unha solicitude por persoa.

Para o curso 2022-2023 o Concello das Pontes ofrece un total de 10 disciplinas deportivas atletismo, baloncesto, hóckey a patíns, king boxing, patinaxe, ximnasia rítmica, psicomotricidade, vela, tenis, e tiro con arco.

Todas as familias interesadas en inscribir aos seus fillos o fillas nas escolas municipais deportivas infantís poden facelo no departamento de Deportes, na primeira planta da Casa Consistorial, en horario de 09:00 a 14:00 horas, a partir deste luns.

O custo total de cada actividade, para todo o curso, será de 40 € a primeira matrícula da unidade familiar, 30 € a segunda matrícula da unidade familiar na mesma escola, 20 € a terceira matrícula da unidade familiar na mesma escola de serán

de balde a cuarta matrícula e sucesivas. Así mesmo terán unha redución do 50% as familias numerosas.

ADULTOS. A inscrición para participar nas escolas de mantemento físico e de ximnasia para a terceira idade tamén abriu. As clases impartiranse novamente na Caseta do Polbo e terán unha hora de duración.

Este ano impartiranse clases de mantemento físico, os luns e os mércores, en horario de mañá (de 11:00 a 13:00 horas) e de tarde (de 17:00 a 18:00 horas) e os martes en horario de tarde (de 17:00 a 18:00 horas).

As clases de ximnasia para a terceira idade impartiranse tamén os luns e mércores en horario de mañá (de 09:00 a 11:00 horas) e os martes e xoves en horario de tarde, de 19:00 a 20:00 horas.

As clases de aerobio impartiranse os martes en horario de mañá (de 09:00 a 11:00 horas) e en horario de tarde (de 20:00 a 22:00 horas)

As clases de pilates desenvolveranse os martes e xoves, tanto en horario de mañá (de 11:00 a 13:00 horas) e de tarde, os luns e os mércores, de 18:00 a 21:00 horas e os martes e xoves de 18:00 a 19:00 horas.

Invisten máis de 156.000 euros en camiños rurais



O Concello das Pontes saca a licitación, por máis 156.166 euros, as obras de mellora dos camiños municipais en O Ramallal, O Caxado, A Castiñeira, As Lamelas, Pazos e Serrón co obxectivo de dotalos dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico e das persoas viandantes.

A través destas actuacións, o goberno local continúa co seu proxecto para mellorar as infraestruturas do ámbito rural, favorecer a calidade de vida da veciñanza, que sumadas ás actuacións xa levadas a cabo e as previstas acometer nos próximos meses, permitirán avanzar cara un municipio máis accesible, cómodo e seguro.

Os traballos, financiados a través do POS da Deputación da Coruña, permitirán a mellora e substitución da actual capa de rodadura por aglomerado e inclúen o varrido da superficie do viarios, a limpeza das marxe e cunetas así como o seu perfilado para asegurar a correcta drenaxe transversal e lonxitudinal do firme.

As intervencións proxectada inclúen tamén a rehabilitación do firme reparando das fochas existentes con aportación de grava e tratamento asfáltico semiprofundo e a execución de sobreechanos nas zonas necesarias. Os traballos rematarán co pintado das liñas de borde e a reposición da sinalización horizontal e vertical.

O Pleno aproba a gratuidade na escola infantil da Barosa

O pleno aprobou por unanimidade, a gratuidade da atención educativa na escola infantil municipal "A Barosa". A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Tania Pardo, explicou que se trata "dunha medida cun indubidable interese público que fortalece o impulso demográfico e a conciliación. Nos últimos anos vimos mellorando este recurso, ampliando o horario de atención e os servizos complementarios a través da modificación do regulamento de funcionamento e a licitación do mesmo".

Así o grupo de goberno propuxo ao pleno a modificación da ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal "A Barosa", concretamente do artigo 6 polo que se modifica as tarifas máximas e o artigo 7 polo que se establecen as bonificacións nos prezos mensuais.

Deste xeito, a atención educativa terá unha bonificación do 100% para todas as familias mentres que os servizos complementarios terán reducións do prezo segundo os tramos de renda da unidade familiar, tomando como referencia o IPREM. Así mesmo a modificación do artigo 7, recolle unha maior bonificación no caso das familias numerosas ou familias monoparentais.

HR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Comezan a construción de dúas estacións de lavado de bicicletas



O Concello das Pontes iniciou a semana pasada as obras de construción de dúas estacións de lavado e posta a punto de bicicletas, asentadas na Rúa Casilla, ao carón da Praza da Lembranza, e na Rúa 8 de marzo, próxima ás pistas de padel. Con estas novas infraestruturas, cun orzamento de 29.941,43 € con cargo a fondos propios, o Concello das Pontes busca impulsar a integración da bicicleta na mobilidade do municipio e potenciar a súa práctica como medio de transporte educativo, turístico, recreativo

e deportivo, para o cal é necesario dotar ás persoas usuarias das ferramentas necesarias para facilitar o seu uso.

Entre os traballos previstos executarase soleiras de formigón que servirán de soporte para as instalacións. As estacións de lavado estarán formadas por un entramado metálico de aceiro inoxidable sobre o que se posarán as bicicletas para o seu lavado.

Dotaranse de subministro de auga e a posterior recollida e canalización á rede de saneamento pública.

Continúan as proxeccións de cine todas as fins de semana

A programación de cine nas Pontes continúa con proxeccións todas as fins de semana. A terceira fin de semana de mes, o 15 e 16 de outubro, estarán en carteleira, para o público familiar, *Dc Liga Supermascotas* (sábado e domingo, ás 17:00 horas) e para o público máis maior *Top Gun, Maverick* (sábado, ás 19:30 e 22:15 horas e domingo ás 19:30 horas) Os días 22 e 23 de outubro será a

quenda para *Dragon Ball Super, Super Hero* (sábado e domingo, ás 17:00 horas) e *Bullet Train* (sábado, ás 19:30 e 22:15 horas e domingo ás 19:30 horas)

A última fin de semana de outubro chegarán a As Pontes, *Aimbo, a guerreira do Amazonas* (sábado e domingo, ás 17:00 horas) e *Viaxe ao paraíso* (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas)..

As Pontes pon en marcha a cuarta edición do programa Cidadanas

Comeza nas Pontes a cuarta edición do programa Cidadanas, organizado pola Fundación Mujeres co financiamento da Deputación da Coruña. A través desta iniciativa, o goberno municipal busca ofrecer ás coidadoras informais da vila un recurso de orientación, acompañamento e apoio, tanto a nivel emocional, formativo, social como social co obxectivo de contribuír a mitigar o impacto derivado do coidado de persoas en situación de dependencia.

Este programa, a través de diferentes obradoiros, analizará a importancia da comunicación na calidade das relacións interpersoais, nos que as participantes aprenderán a poñer límites e a xestionar o sentimento de culpa. As mulleres participantes aprenderán a identificar as súas ha-



bilidades comunicativas, desenvolver estratexias para a toma de decisións, coñecendo e recoñecendo os propios límites e aprendendo a xestionar a culpa.

Estes obradoiros completaranse cun espazo participativo no que as parti-

cipantes aprenderán a facer xestións administrativas online, para evitar a fenda dixital e impulsar unha mellor xestión do tempo persoal.

Todos os talleres se desenvolverán os luns, ata o 7 de novembro, polas mañás na Casa Dopeso.

Éxito de participación na mostra de vehículos de enerxías alternativas

As Pontes converteuse na capital dos vehículos verdes, tras ser escollida sede da I exposición e proba con vehículos de enerxías alternativas, organizada pola Axencia Enerxética da Coruña (FAEPAC).

A esta primeira edición acudiron centenaes de persoas interesadas por estes novos vehículos. A mostra consolidouse como todo un éxito e contou con máis de 50 vehículos de todo tipo de enerxías alternativas incluíndo bicicletas, motos, patinetes e maquinaria, así como complementos para recarga dos mesmos. Interese polo coche de hidróxeno, 20 concesionarios e 6 vehículos a proba.

Unha das novidades que máis atraeu



as miradas das persoas visitantes foi o coche movido por hidróxeno que mesmo ofrecía a posibilidade de beber a auga do seu circuito, fonte de enerxía do propio vehículo. Outro dos éxitos da mostra foron os 6 ve-

hículos a proba que estiveron diante da casa do Concello por cortesía dos concesionarios Corgal Automóviles; Grupo Dimolk e Grupo Breogán.

A exposición contou cun total de 20 concesionarios participantes.

MObELRIAS

OS MOBLES QUE A TÚA CASA NECESITA

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

BOSCH Service

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Unha axuda permitirá crear unha microrrede eléctrica con renovables

O Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) concedeu unha subvención de 2.443.214 euros para a posta en marcha dun Mercado local da Enerxía (MLE) en Begonte, a través de Begonte Genera, un proxecto deseñado e elaborado pola empresa Masinteligencia que conta cun investimento de 5.284.700 euros en total nesta primeira fase.

Trátase de instalar unha microrrede eléctrica intelixente bidireccional, con capacidade para cubrir as necesidades enerxéticas 24 horas, 365 días ao ano, no municipio, usando para iso enerxía 100 % renovable xerada no mesmo municipio, a través dun mix de tecnoloxías, solar, mini eólica, turboxenerxadores hidráulicos, unha planta de Biogás eléctrico e almacenamento masivo. Os MLE [www.mercadolocaldela-](http://www.mercadolocaldelaenergia.es)



nergia.es, son unha nova forma de organizar as actividades de abastecemento enerxético a escala local, un modelo que persegue superar o actual modelo de xestión da enerxía centralizado, claramente prexudicial para os consumidores, por outro distribuído de km 0 tal e como xa se está conseguindo en Ballesteros de

Calatrava, Cidade Real.

Entre as numerosas vantaxes cabe destacar, que os e-comuneiros (usuarios) conseguirán conxelar a súa factura enerxética, desligándose da volatilidade do mercado almacenista, eliminase o tope de gas e pasan a ser suxeitos activos do mercado enerxético.

O PP reelixe a José Ulla como presidente

José Ulla Rocha revalida a presidencia do PP de Begonte que ostenta dende o 2013 ao ser apoiado por aclamación dos afiliados da agrupación local no congreso local

O equipo conta con Luis Luaña Castelo como secretario xeral e encargado de organización e campaña electoral; cinco vicesecretarías, tres coordinadores e catro vogais. Sonia Varela será vicesecretaria da área de Cultura e Educación, José Manuel Rábade de Sanidade; María Aurora Braña, do sector primario; Marta Lombao, de Política Social; e Lucía Goiriz, de Medio Ambiente e Urbanismo. S

O CEIP Virxe do Corpiño participará nun programa de inmersión de inglés intensivo

A Consellería de Educación seleccionou ao CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño para participar no novo programa formativo inmersivo DixitalWeek este ano. O desenvolvemento do programa consiste nunha semana de campamento no modelo de inmersión en inglés con actividades no mundo dixital para alumnos/as de sexto de primaria. Trátase dunha actividade totalmente gratuíta para as familias.

O desenvolvemento destas actividades será no Albergue Xuvenil de Gandarío e durante esa semana favoreceranse os diferentes contextos comunicativos para que os alumnos melloren os seus coñecementos e habilidades en inglés. Para lograr este obxectivo contarán co apoio de profesorado nativo. Pero tamén farán deporte, socializarán e mellorarán as súas competencias dixitais.

Abre o prazo das axudas para material e transporte escolar

O Concello de Begonte vén de abrir o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares deste municipio e que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar.

As axudas para material escolar están dirixidas a escolares de Infantil, Primeira e ESO que estuden no Concello de Begonte e os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade. Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados.

Estas axudas, que se conceden en

función da renda, teñen un máximo de 150 euros e van destinadas á compra de material escolar para todas e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1º e 3º de ESO no IES de Rábade.

Respecto ás axudas ao transporte escolar durante o curso actual, están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír a paliar o gasto diario ou semanal, que os estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 100 e 200 euros dependendo da distancia. O prazo de presentación nos dous casos remata o 13 de outubro.

O obradoiro acondicionará o centro de insemnación

Deron comezo co mes de outubro os obradoiros de emprego en Galicia. O Concello de Begonte participará no Cumes da Terra Cha VI, que está compartido cos concellos de Rábade e Friol. Durante 12 meses os estudantes/traballadores estarán facendo distintas actuacións por separado, os de Friol solos e por proximidade xeográfica os de Rábade de Begonte xuntos, a metade do tempo en Rábade e a outra metade en Begonte.

Nesta municipio ocuparanse da rehabilitación e ampliación do antigo

centro de insemnación, que está preto do centro de saúde e do complexo cultural depotivo que se está a facer. Este irá destinado a un servizo de cafería para o complexo e para a zona que cando esté rematada sacaráse a súa xestión a concurso.

Ademais, os membros do obradoiro farán unhas beirarrúas na antiga estrada LP 801 no seu tramo urbano. Esta vía, que era provincial, pasou a ser de titularidade do Concello tal e como o solicitaron e neste tempo faranse esas beirarrúas nese tramo.

Carne Ecológica con Certificación Craega








LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO DIA  **EN RÁBADE**

Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355



Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo. Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

Organizan un obradoiro de lembranzas para maiores de 55

O Concello de Guitiriz organiza un obradoiro de lembranzas, reminiscencia e memoria dirixido a persoas de máis de 55 anos de idade que desexen pasar un rato agradable e de entretemento.

Esta actividade levarase a cabo os luns de 18 a 19 horas na Casa Habanera, a partir do 24 de outubro. O prazo para participar xa está aberto e remata o 21 de outubro, podendo formalizarse a inscrición no Rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.

EXPOSICIÓN. Por outra banda, A Casa Habanera do Concello de Guitiriz acollerá ata o venres 16 de decembro, a exposición *A pedra coa mirada de Ramón Villar*, o canteiro de Pardiñas.

A mostra abiru o pasado día 7 cun acto no que participaron a alcaldesa, Marisol Morandeira, e o escultor Ramón Villar. Estivo amenizada polo grupo de pandeiretas



Na Casa Zoqueiro, de Guitiriz. Ramón Villar Gómez, escultor, neto e fillo de canteiro, iniciase no arte da pedra de maneira tardía e autodidacta. Atráenlle as pedras duras e complicadas de traballar. Con elas exprésase perfectamente. A natureza, a auga ou as aves da súa comarca chairega son a súa principal fonte de inspiración. Tamén personaxes como os músicos ou os "santiños" de devoción popular. Parte da súa recoñecida obra, chea de expresividade, adorna algúns das paraxes da zona.

O Plan deportivo Corresponsables chegará en novembro á vila

O Plan Corresponsables de animación sociodeportiva chegará no mes de novembro ao Concello de Guitiriz da man da Federación Galega de Fútbol (Futgal) e a través do fútbol sala. A Federación Galega de Fútbol é unha das 18 federacións deportivas que se uniu ao programa de animación sociodeportiva previsto ao amparo do Plan Corresponsables. O obxectivo desta iniciativa é fomentar a práctica deportiva entre a poboación nova, achegándolle distintas modalidades e favorecendo así a convivencia e o xogo en equipo desde as idades máis temperás. A Futgal farao a través do fútbol sala en catro concellos: Guitiriz, Begonte, Narón e Marín.

Marisol Morandeira salientou que "é unha actividade aberta a todos os nenos e nenas do municipio, independentemente de que formen parte ou non das Escolas Deportivas Municipais".



Pola súa parte, Pablo Prieto explicou que "é un plan onde os nenos e nenas de Guitiriz van a desfrutar do deporte, non do de competición, senón como unha forma de vida e para socializar cos outros" e avanzou que "non só vai ser unha actividade técnica cunha duración limitada senón que haberá outras paralelas relacionadas cos valores e as ensinanzas que transmite o deporte". "Guitiriz é a nosa segunda casa na especialidade de fútbol sala, no voso pavillón

adestran seleccións galegas e, historicamente, celébranse competicións de ámbito internacional", afirmou.

A actividade está dirixida ás categorías de infantil, cadete e xuvenil (ata os 16 anos) e levarase a cabo, inicialmente, todos os xoves pola tarde de novembro no pavillón municipal. O período de inscrición xa está aberto e as persoas interesadas poderán anotarse enviando un correo electrónico a corresponsables@futgal.es e deportes@concellodeguitiriz.com.

Abre unha lista de emprego para traballadores do SAF

O Concello e Guitiriz vén de abrir unha nova convocatoria de emprego temporal para actualizar a bolsa de auxiliares de axuda no fogar para os próximos dous anos.

O obxectivo desta bolsa de traballo é dispoñer de persoal para substitucións do persoal contratado por incapacidade laboral transitoria ou vacacións ou mesmo para tempos de acumulación de tarefas.

As persoas que xa forman parte da

bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar deste Concello seguirán formando parte dela na orde que lles corresponda, aínda que figuren nela como non disponibles, polo que non teñen que presentar de novo a instancia.

O prazo de presentación estará aberto ata o 17 de outubro e esta deberá facerse no Rexistro do Concello. A selección farase por concurso de méritos.

Guitiriz ten unha nova web

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, presentou publicamente a nova web municipal, un espazo máis intuitivo, accesible e moderno. No acto de presentación da nova web do Concello, que se levou a cabo na Casa Habanera, tamén participou a empresaria local encargada do deseño da web, Julia Saavedra, que explicou que o obxectivo do cambio é, por unha banda, "dividir o contido segundo o público ao que se dirixe: por

exemplo, os habitantes de Guitiriz e arredores deben consultar a web xenérica e a xente que ven a visitar o pobo e o que quere coñecer a fondo debe visitar a de turismo".

Marisol Morandeira destacou que "o obxectivo principal da construción da nova web xenérica é conseguir un espazo actualizado e sobre todo, intuitiva e de fácil manexo para que os trámites sexan máis sinxelos e para que a información básica do concello sexa accesible".

"Obviamente unha web non é unha cousa estática, vai ter que estar en continua actualización e modificacións, para conseguir obter a mellor ferramenta para a comodidade da xente", comentou.

Unha das novidades que incorpora a nova páxina web é o taboleiro de anuncios de oferta ou demanda de emprego. Habilitouse un formulario no que se debe indicar se se é unha empresa ou se solicita emprego

RENTA CAR
ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de:
AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilalba - Lugo

OPTICALJA
CALLAO

- Máis de 45 anos traballando por tu salud visual y tu imagen...
- Estudios optométricos avanzados
- Graduación
- Biomicroscopía (examen con lámpara de hendidura)
- Tonometría (tensión ocular)
- Retinografía
- Audiología
- Garantía de adaptación
- Financiación gratuita

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARÓN | ORTIGUEIRA
www.opticaljacallao.com

O Pleno aprobou unha modificación orzamentaria

O Pleno de Guitiriz aprobou na última sesión unha modificación orzamentaria de suplemento de crédito por valor de 35.139 euros que se destinarán a gastos relacionados coa auga potable, as instalacións deportivas e o lecer. Na votación, os representantes do PP e do BNG abstivéronse, mentres que o partido gobernante votou a favor.

Tamén se aprobaron, pero por unanimidade, dúas bonificacións no Icio, unha referente a explotacións de vacún, con catro obras, e outra a un negocio avícola, cunha soa.

A ratificación dos festivos locais do

ano 2023 tamén foi aprobada por unanimidade, que serán o 21 de febreiro, martes de Entroido, e o 24 de xuño, Día de San Xoán.

Nas mocións, o BNG e o PP presentaran candidasúas sobre a xestión da auga municipal, xa que consideran que a auga de traída segue saíndo turbia. En ambas votou en contra o partido gobernante.

O PP levou a pleno unha moción sobre a preservación do patrimonio do concello, facendo fincapé nas necesidades de mantemento ou obras de mellora. Neste punto tamén o PSOE votou en contra.

Concurso de debuxo escolar sobre desenvolvemento sostible

O Concello de Guitiriz organiza un concurso de debuxo escolar co fin de sensibilizar e implicar á poboación do municipio sobre a transcendencia da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) adoptados pola ONU no ano 2015 co fin de erradicar a pobreza, fortalecer a paz universal e o acceso á xustiza. Para participar, os nenos e nenas deberán facer un debuxo tamaño folio ou incluso máis pequeno, escribir o

seu nome, curso, colexio e datos de contacto pola parte de atrás deste e, por último, epositalo no seu respectivo centro educativo.

Como premio, haberá dous vales de 30 euros cada un para a compra de material escolar nun comercio local de Guitiriz, dividíndose estas recompensas en dúas categorías: un vale entre os participantes de 1º e 3º de primaria e outro para os de 4º e 6º de primaria.



HOMENAXE. A Xunta Local de Guitiriz da Asociación contra o Cancro organizou unha homenaxe a Xosé Luis Campo Ansede, O filántropo de Guitiriz. Tratouse dunha cea con música, sorteos e agasallos e os beneficios foron para a investigación e axuda a enfermos e familias.

Teixido non se presentará á presidencia do PP municipal

O ata agora presidente do PP de Guitiriz, o deputado provincial José María Teixido, dá un paso atrás e confirma que non optará a renovar na presidencia local do partido; xa deu a coñecer a súa decisión aos afiliados. Teixido sinala: "Nunha reunión de afiliados celebrada onte, anuncie que non optarei a renovar como presidente do PP de Guitiriz, polo que se constituirá unha xestora para pilotar o partido e decidir o candidato á alcaldía nas próximas

eleccións". Explica que tanto el como algúns concelleiros levan xa 12 anos representando ao PP no Concello e cre que chegou o momento da renovación. Engade: "É o momento de preparar unha candidatura renovada, para os tempos que veñen, co fin de que o PP consiga a alcaldía".


Pola súa parte, na dirección provincial do PP indican que nos próximos días será nomeada a presidencia da xestora, que pilotará o partido ata o próximo congreso local.




PARADAS BUS. O BNG prosegue coa campaña de recollida de sinaturas ante o novo plan de mobilidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, desta vez no Concello de Guitiriz. Esta actividade que se desenvolveu na feira de Parga, participou o concelleiro do BNG en Guitiriz, Xosé Lois García Souto Pereira xunto coa deputada por Lugo do BNG no Parlamento galego, Olalla Rodil e militantes e simpatizantes da organización.

PROGRAMA DE VISITAS DAS ANPAS A PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO NO RURAL





JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>Calvario 52, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 140m² 77.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo.</p>
<p>Calle Xosé María Chao Ledo, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 110m² 80.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.</p>
<p>Mondoñedo s/n, Vilalba Terreno / Urbanizable 382m² 7.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.</p>
<p>N-634 40, Vilalba Casa / Chalet independiente 3 Dorm 2 Baños 182m² 30.000€</p> <p>Se vende casa en construcción en Martiñán, municipio de Vilalba (Lugo), tiene 182 metros que pueden distribuirse a gusto del comprador.</p>
<p>Grupo das Fontiñas, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 114m² 62.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), en las proximidades de los colegios, ofrecemos en venta un piso de cuatro dormitorios, salón-comedor, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual de gas y de garaje en el mismo edificio. Se trata de un piso segundo sin ascensor.</p>
<p>Avenida Ciudad de Lugo 16, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 130.000€</p> <p>Se vende piso de 3 dormitorios, cocina-salón, 2 baños, amueblado. Dispone de calefacción, ascensor, garaje amplio y dos trasteros, uno al lado del garaje y otro en el bajo cubierta.</p>
<p>Pepe Guntín, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 2.546m² 90.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable de un poco más de 2.500 metros cuadrados. En la parcela se pueden hacer dos chalets unifamiliares de planta baja y piso. Se encuentra en las proximidades del auditorio municipal.</p>
<p>Avenida da Terra Cha 120, Vilalba Piso 2 Dorm 2 Baños 80m² 85.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción individual de gas ciudad y se vende todo amueblado.</p>
<p>Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m² 75.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.</p>
<p>Basanta Silva, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 130m² 115.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.</p>
<p>Avenida Terra Cha 112, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m² 110.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), avda. Terra Cha, en el edificio situado delante de cuartel de la Guardia Civil, se ofrece en venta una vivienda de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. El piso se vende amueblado. Dispone de calefacción individual, ascensor, trastero y garaje en el mismo edificio.</p>

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

outeiro de rei

O PSOE demanda unha área de esparcemento en Mosteiro

A voceira do PSdeG de Outeiro de Rei, Carmen Acacio, informa de que rexistrou unha proposta, que será debatida na vindeira sesión plenaria, para que o Concello realice as xestións necesarias para construír un parque infantil e de adultos na parroquia Mosteiro, e poida equipararse ao resto de urbanizacións. Explica que presentou esta proposta "tralo o aumento de poboación que ten experimentado esta parroquia, probablemente polo desexo da cidadanía de trasladarse a vivir da ci-

dade ao campo e pola súa cercanía á capital da provincia". "Os socialistas comprobamos que hai moitas carencias en canto a servizos relacionados co lecer infantil e familiar" neste núcleo, no que "debería haber espazo para instalar un ximnasio ao aire libre. Sería un lugar de convivencia, tanto para os cativos, como para os seus proxenitores e familiares adultos", explicou. Por outra banda, Carmen Acacio tamén interpelará ao PP para coñecer as propostas e iniciativas nas que

está traballando o equipo de goberno para a promover as enerxías renovables entre a veciñanza de Outeiro de Rei. Por outra banda, e tralas actuacións realizadas na senda Peonil e ciclista de Guillar e Bonxe, a concelleira socialista quere saber se o Concello ten previsto algunha adecuación similar máis para a adaptación doutras vías municipais aos novos retos relacionados co uso de vehículos non contaminantes, como son a bicicleta ou o monopatín.

Un convenio permitirá ampliar servizos na Escola de Kárting

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, presentou onte en Outeiro de Rei o acordo de colaboración entre Galicia Calidade, dependente da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e a Escola de Karting IRT, que contribuirá a mellorar e ampliar os servizos e as actividades que se desenvolven na escola co fin de fomentar o deporte do karting para nenas e nenos de todo o territorio galego. Heredia destacou o esforzo desta escola pola inclusión da muller neste deporte, no que tentan fortalecer a participación de nenas e rapazas, desde os 4 ata os 12 anos, empregando karts de todas as ca-



ategorías posibles. Durante os cursos de karting, que se desenvolven en diferentes circuitos de Galicia, impártense contidos relacionados coa seguridade, as prácticas e a mellora da condución en pista, a formación técnica dos vehículos e actividades tanto físicas como de ocio e xogos para os nenos.

A Escudería IRT ten actividade como equipo de karting desde o ano 2007, participando en carreiras sociais e no Campionato Galego de Karting (CGK). Desde o ano 2017 organiza conxuntamente coa empresa Karting Marinada a Factoría de Pilotos, unha selección de nenas e nenos cuxo premio é participar no CGK.

Presentan as guías de lectura de tres libros de Manuel María

A Casa-Museo Manuel María presentou ao profesorado de Lingua e Literatura da comarca da Terra Chá e de Lugo unha serie de guías para apoiar e reforzar a lectura, nos centros educativos e nos clubs de lectura das bibliotecas escolares, de tres obras de relatos curtos de Manuel María.

As guías publicadas corresponden a cada un dos libros da triloxía de Manuel de Paderna: A tribo ten catro ríos; Cando o mar foi polo río; e Viaxes e vagancias de M.P. Estes libros foron editados por Manuel María na década de 90, dirixidos para público xuvenil e adulto, e foron reeditados pola Casa-Museo Manuel



María. As tres obras están protagonizadas polo personaxe, entre a realidade e a ficción, Manuel de Paderna, e localizadas en Outeiro de Rei, parroquia natal do escritor, a Terra Chá e en cidades de Galiza. A través

das fermosas historias, que Manuel María escribe, en que se mesturan a realidade e a fantasía, explícase literariamente cada cousa, cada lugar e cada ser humano que vai aparecendo. Son historias ricas e diversas e moi acaídas para todos os públicos, nomeadamente para o público lector xuvenil, pois cumpren unha función de axudar a descubrir Galicia, pór en valor todo o patrimonio material e inmaterial para comprenderse e gustarse como pobo e persuadir para estar no mundo como galegos a través do idioma propio. O profesorado asistente recibiu tres libros de Manuel María e as súas correspondentes guías de lectura.

Paixón polo pasado

Un veciño de Matela vén de abrir o Parladoiro Museo, onde recolle pezas e aparellos antigos

Na parroquia de Matela, en Outeiro de Rei, un veciño vén de abrir na súa casa de Albarón un museo etnográfico que fai un percorrido pola historia dos oficios e labores tradicionais.

Baixo o nome de Parladoiro Museo, os visitantes poderán atopar pezas e aparellos tanto do século pasado como do XIX ou mesmo algunha do Neolítico, que ten uns 6.000 anos de antiguidade.

Moncho Vivero, natural de Matela, levou para adiante esta iniciativa privada para poñer en valor todas esas pezas que viña restaurando ao longo da súa vida como un hobby. Así, acondicionou un espazo na súa finca no que lucir todas estas pezas e facelo dun modo ilustrativo e educativo.

Así, pódense atopar ferramentas de carpinteiro, de zoqueiro, aparellos para o tecido do liño e da lá, utensilios da vida diaria como candís, planchas, molinillos de café, material escolar, xoguetes, libros, zocas,

etc.

“Son moitos anos de recuperación de pezas e de restauralas e agora toca poñelas en valor”. Como el mesmo lembra, o primeiro que comprou para comezar con esta ocupación foi unha colección de ferramentas de carpinteiro que ían quemarse. A partir de aí comezou unha afección que foi medrando pouco a pouco.

Os mercadiños e as feiras de antigüidades convertíronse nun habitual para Moncho, que contou coa aportación de moitos amigos e veciños, que lle fixeron chegar aquelas pezas que hoxe en día poden verse no museo totalmente renovadas para unha nova vida de exposición. A creación do museo viña xa de vello. Foi unha idea que compartía Moncho con dous amigos de toda a vida, Pablo Vazquez Lis, arqueólogo, e Manolo Díaz Penelas, director de Correos en Rábade. No ano 2014 trazaron o proxecto e comezaron a traballar para levalo adiante pero



dúas enfermidades acabaron coa vida de ambos ese primeiro ano de traballo con poucos meses de diferenza e Moncho quedou só.

Na súa memoria seguiu traballando todo este tempo, coa axuda de Teresa Rodríguez Garrido, para poñer en marcha esta aventura.

O novo museo pode visitarse con cita previa dende principios deste mes. O teléfono para concertar as citas é o 626 063 493, así como o correo parladoiro.museo@gmail.com.

Os que queiran aventurarse no pasado dos oficios contarán coa explicación do propio Moncho, que

oferta visitas tamén para os centros de ensino para que os pequenos podan ver moitos dos aparellos que pertencen ao pasado.

A visita ademais é gratuítida, aínda que se aceptan donativos para poder seguir ampliando e subvencionando unha obra que se realizou sen subvención nin aportación ningunha. De feito, a previsión é seguir aumentando pezas a medidas que se vaia traballando.

Explica Moncho que antes tiña unha exposición máis pequena con outro tipo de cousas e aparellos que se incorporarán a esta mostra cando reciban outra posta a punto.

O Concello convoca unha nova edición do concurso de postais de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei convoca por sétimo ano o Concurso de Postais Nadal 2022, no que poderán participar rapaces e rapazas que cursen Educación Primaria (EP) e estean empadroados neste municipio ou que estuden no Colexio Público Laverde Ruíz.

As categorías que se convocan son para pequenos de primeiro a terceiro de Primaria na primeira categoría, e os de cuarto a sexto, na segunda.

Os traballos tratarán sobre o Nadal, valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos e das nenas concursantes; terán que presentarse en formato 15X21 cm (medio folio) e poderán realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

Entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal.

O prazo de presentación de traballos permanecerá aberto do 1 ao 25 de novembro.

Xornada informativa sobre gandería ecolóxica

A Asociación para o Desenvolvemento da Producción Ecolóxica de Galicia (deproEco) levará a cabo unha xornada para coñecer a situación da gandería ecolóxica como alternativa, xornada dirixida tanto a produtores en convencional ou en ecolóxico como a aquelas persoas que queiran empezar a producir.

A cita será o 31/10/2022 no Viveiro Industrial do Concello de Outeiro de Rei (Parque empresarial de Outeiro de Rei, Rúa do Acivro, 2) en horario de 10:00 a 13:00 HORAS.

As persoas interesadas poden realizar a súa inscrición no tfno.:



698 956 453 ou no enderezo electrónico asociacion.dpe@gmail.com.

Abre o prazo para anotarse ás actividades socioculturais

O Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para as actividades da tempada 2022-2023. Estas actividades estarán divididas en catro bloques, as culturais, deportivas, da OMIX e de Promoción da Muller.

No apartado de cultura e lecer oférense actividades de danza moderna, obradoiros para festas, escola de maxia, robótica, bailes de salón (iniciación e perfeccionamento), viaxe ao Monte do Gozo e Santiago, costura básica e creativa, manualidades, viaxe á ferverza de Ézaro e restauración de mobles.

Dentro da oficina de información xuvenil a oferta contén ximnasia rítmica, obradoiro de coiro, inglés

de preparación para o B1, escola de música e pádel.

No capítulo do deporte haberá fútbol sala, ximnasia na auga, natación adultos, baloncesto, tenis, tiro con arco, patinaxe, pilates, ioga, BTT, natación infantil, rutas de sendeirismo, escola de motociclismo, curso de conducción de motociclismo, entrenamentos libres kart/moto en circuito e tenis de mesa. No de promoción da muller haberá formación en novas tecnoloxías e charla sobre prevención da violencia de xénero e a discriminación contra a muller.

Así mesmo, están previstas outras celebracións festivas como a de Reis, Entroido e dos Nenos.

Por ser o número de prazas limitado estas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra. O prazo remata o 14 de outubro.

Ábrese tamén un apartado para os maiores, que terán as súas propias actividades con ximnasia para maiores, cursos de uso de smartphone, e excursións, como a Festa dos Maios e o taller de memoria.

As cotas aboaranse dentro do prazo de inscrición; as persoas non empadroadas aboarán cotas a maiores da establecida: curso de 2 meses, 10 euros, cursos de 3 a 4 meses, 20 euros e de 5 meses en diante, 30 euros.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS CON SALSAS VARIADAS
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS
NUESTRA CARTA
RACIONES FRESCAS DE BARRIL
ALGO PARA PICAR
SABOREAR TORTILLAS
RAXO PATATAS
NUESTRAS DELICIAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONS - AUDITORIAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

“Gustaríame que as institucións apoiasen os proxectos do rural”

Xosé Manuel Felpeto, presidente da asociación de veciños de Cabreiros

Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

A asociación comeza en novembro do ano 1997, é unha data significativa a día de hoxe xa que este mes fará 25 anos desde que se fundou. A idea xurdiu por unha iniciativa veciñal por parte de tres ou catro persoas de certa idade que nunha reunión veciñal (un deles era un párroco) tomaron a decisión. Por aquel entón as asociacións estaban noutras parroquias empezando a rebulir e era vital eu penso constituír unha para moitas cousas que facían falta. Estaba un tanto adormecido todo isto. E despois da terceira reunión, puxémonos a camiñar e traballar na asociación (daquela eramos xente máis nova do que somos agora) e a día de hoxe, aínda perduramos dous ou tres que estamos dende os inicios, o resto de integrantes fóronse agregando pouco a pouco.

Cantos socios son?

Na actualidade somos preto de 300 socios. Sempre nos mantivemos máis ou menos nesa liña. Por desgraza nunha parroquia coma Cabreiros vai falecendo moita xente pero véñense agregando outros, polo que sempre mantemos ese nivel de socios. De todas formas a asociación ten un número elevado de socios e socias porque nós contamos con xente das Pontes, de Vilalba, de Guitiriz, de Ferrol, de Narón... xente que non só reside na parroquia de Cabreiros.

Cal é o obxectivo da mesma? Con que intención se fundou?

Nun principio o obxectivo co que fundamos a asociación era básico: por tema social, cultural e de implicación da sociedade. Por unha banda de xeito interxeracional que si conseguimos facelo e despois tamén a nivel de infraestruturas (aquí había unha certa demanda sen ir máis lonxe o local social ou a escola unitaria á que practicamente lle

quedaba un ano para pechar, estaba coma quen di sentenciada pola falla de nenos). No ano 1998 necesitabamos que ese local social tivese certa proxección para poder nós seguir traballando alí, era unha das nosas metas coma tamén o foi a reelectricificación da parroquia ou outras demandas que os propios veciños estaban pedindo e que a asociación buscaba responder aínda que non tivéssemos poder fáctico nin político. Xa que co que si contabamos era con poder de convocatoria para que ditas demandas dos veciños saíran adiante sen esquecer o plano cultural nin o social.

Que actividades realizan durante o ano?

Penso que que a escola estea hoxe arranxada e que haxa outras reivindicacións a nivel de estruturas da parroquia por exemplo ten o seu valor, malia que cremos que o que máis nos aporta, persoalmente como presidente da asociación e como veciño, é a implicación da propia sociedade nun colectivo veciñal, asociativo.

Estamos facendo moitas actividades das que os propios medios de comunicación vos facedes eco e si as seguimos facendo é porque temos convocatoria. Iso vén de moi lonxe e segue estando aí a través da actividade que sexa... temos capacidade de convocatoria e a xente agradece moito o traballo que fixemos durante estes 25 anos (coma a presentación de comunicacións e publicacións propias). Hai moitísimos puntos onde o denominador común é o aporte que temos de cara á xente.

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Logo duns anos nos que se experimentou un parón xeneralizado por mor da pandemia, agora intentamos ver o lado positivo e volvemos con máis forza. A nivel futuro, sobre todo buscamos manter as tres ou catro actividades primordiais da asociación

que temos durante todo ano e que son citas ineludibles como por exemplo A Invernada (cumpre dez anos este ano), as xornadas interxeracionais (xa van pola súa dezanove edición) ou as xornadas de sendeirismo (aquí creamos a ruta de sendeirismo polo río Trimaz por unha iniciativa propia da asociación).

Todo isto custa bastante traballo pero as institucións nos seguen apoiando tódolos anos para que traballemos sobre esas actividades (a universidade, o Concello de Xermade a Deputación de Lugo). E despois a nivel de futuro, realmente calquera programa que nos chegue ou calquera iniciativa que nos poñan enriba da mesa os veciños, nunca lles dicimos que non (non só da parroquia de Cabreiros senón tamén do entorno no que nos movemos).

A Invernada de cine é un dos grandes actos que se celebran. Como xurdiu a idea?

A Invernada xurde tendo como base as xornadas interxeracionais e a partir de aí van saíndo moitas máis iniciativas unhas de pouco percorrido e outras de máis longa traxectoria, entre elas Xermade na Historia (levada a cabo de forma conxunta coa universidade e o concello) e A Invernada. Entendíamos que nunha estación tan longa en Galicia coma é o inverno, de menos luz, na que a xente se mete máis na casa... queríamos intentar aínda que fora unhas horas xuntarnos a camiñar (entre as 18.30 e as 20.30 horas) e sobre todo ver as múltiples alternativas que nos ofrece o audiovisual galego que son moitas. E mesturar ideas e opinións acerca do que imos ver: documentais, películas... todo o que traemos vén documentado xa que veñen as persoas que crearon esa obra, película ou cinta audiovisual a falar dela, sempre hai unha parte de debate. E de aí xurdiu a iniciativa de crear A In-



vernada, que segue a funcionar moi ben e que este ano abarcará dende o 5 de novembro ata nadal (tódolos sábados).

E con respecto ás xornadas interxeracionais?

Pois con respecto a este tipo de xornadas, o primeiro que observamos é que a nivel Galicia non se realizaba nada similar e foi unha proposta do noso amigo, veciño e profesor de universidade Suso Rodríguez, que puxo enriba da mesa a proposta de intercomunicarnos entre os veciños sendo nós o vínculo que houbera no medio. É dicir que todas aquelas persoas con 70 ou 80 anos puidesen contar as súas historias á xuventude e viceversa. Que os rapaces tamén puideran aportar cousas das súas vidas, das novas tecnoloxías, do que fora.

A vida agora mesmo aquí en 25 anos cambiou moito, de xeito vertixinoso, e nós quixemos poñer de manifesto esa interxeracionalidade para que non se esquecera para nada o labor dos nosos maiores ensinándonos como foi e como é a súa vida, como chegaron ata aquí... todo iso sen perder a experiencia, o noso patrimonio e os nosos costumes. E iso funcionou e funciona perfectamente, agora dentro desas xornadas que son tres días, teñen cabida moitas cousas e actividades coma a presentación dun libro, dunha peza, unha exposición, calquera conferencia sobre medicina... Tres días dan para moito. A base era esa, a interxeracionalidade, pero dentro do programa temos un abanico moi amplo de actividades. Unha oferta variada para tódolos que queiran visitar as xornadas.

Que necesidades se plantexan como asociación?

Persoalmente penso que este mundo está tan pendente do aspecto económico que agora tes un proxecto enorme e se non atopas financiamento é complicado sacalo adiante. Hai tempo barallamos a idea de realizar un proxecto de curtas feitas aquí na terra pero quedou no tinteiro porque non atopamos o suficiente apoio económico. E coma eses proxectos quedan no camiño outros moitos, de temas culturais. Por outra banda, como presidente, eu non me podo queixar da Deputación de Lugo xa que se non fora por eles moitas das actividades que desenvolvemos non terían cabida, o concello tamén dentro das súas posibilidades fai o que pode pero si me teño que queixar de algo é de que en 25 anos que levo de presidente, a Xunta de Galicia practicamente non nos deu nada. Nese aspecto si que sería necesario que mirasen un pouquiño máis para os sitios pequenos que realicen este tipo de actividades, gustaríame en xeral que as institucións apoiasen os proxectos do rural porque son maravillosos e penso que o primordial empeza aí, dinamizando este sector para que a xente veña e nos coñeza.

Que é o que conclúe destes anos de traballo?

Simplemente o feito de que dende a asociación levamos facendo un longo traballo dende hai 25 anos de xeito altruista e facémolo porque nos gusta, pero sobre todo porque vemos que é algo que a xente nos pide e ten moi boa resposta por parte do público.



NOSOTROS ELEGIMOS
LA TIERRA

Momán convoca o 22 a Romería e a Festa da Xuventude

A localidade de Momán celebrará o día 22 a tradicional Romería na Honra á Virxe dos Dolores e a Festa da Xuventude, que arrancará ás 10.00 horas cunha xuntanza cabalar e a exposición de vehículos clásicos.

Non faltará o oficio relixioso ás 13.30 horas, con procesión, que rematará cunha sesión vermú a cargo de Máster.

Ao mediodía terá lugar o xantar popular no que haberá fabada asturiana, asado de tenreira ao espeto con patacas panadeira e pementos, viño, refrescos e auga, ademais de postre, café e chupito.

A comida ten un prezo de 30 euros para adultos, 15 para rapaces de entre 6 e 12 anos e será de balde para os máis pequenos.

A venda de tickets para o xantar realízase nos bares de Momán e cos membros da comisión e ten como data límite o 14 de outubro xa que o aforo está limitado. Pola tarde haberá animación a cargo de Puzzle con toro mecánico, campionato de tiro á corda por equipos e animación dun DJ con música dos anos 80.

Pola noite haberá unha liscada ás 21.30 horas con liscos, chourizo e pan de balde, antes de rematar cunha verbena, na que actuarán Gran Parada e Máster.

A Invernada de Cine de Cabreiros contará con cinco proxeccións

A casa escola de Cabreiros volverá ser sede este outono da Invernada de Cine, que este ano chega á súa décima edición nos meses de novembro e decembro. O programa contará con cinco proxeccións que este ano comezarán un pouco máis tarde, xa que non haberá a finais de outubro como outros anos.

O programa abrirase o 5 de novembro, ás 18.00 horas, coa proxección do documental *A mestra da Escola*, presentado pola súa directora.

Documental de xornalismo de investigación histórica e testemuñal sobre as mestras rurais e a historia da educación en Galicia. Dirixido por Alba Prol e producido por Meteórica Cine, está destinado a un público amplo e heteroxéneo, especialmente para a comunidade educativa e para o ámbito familiar. Conta coa colaboración do Museo Pedagóxico de Galicia.

Continuarán o 19 de novembro, á mesma hora, co film *A Virxe Roxa*, tamén presentado polo seu director. Documental que narra o asasinato de Hildegart Rodríguez a mans da súa nai Aurora. En 1933 Aurora Rodríguez mata a tiros á súa propia filla Hildegart, mentres esta dormía. A xove, con só 18 anos, era unha



das feministas máis destacadas da Segunda República Española. Pero tamén era un produto perfectamente calculado e deseñado pola súa nai para que fose a liberadora da muller. Os plans de Aurora non saíron como estaba previsto.

Contaba morrer, do monologuista e contacontos Lois Pérez, será a proxección que se fará o 3 de decembro. Esta peza sintetiza moi ben a relación dos galegos e as galegas coa morte, e pon de manifesto certa retransa. Todo o mundo conta morrer, pero non sempre se lle pon nome. O espectáculo reflicte o optimismo tráxico que nos caracteriza aos galegos e as galegas. Haberá unha parte de narración oral, que

será o grosa da proposta, na que confluirán distintas historias, e na parte final, poesía...

O 17 de decembro toca sesión infantil con Teatro Infantil Ghazafellos e a peza *Iriña Bailarina*. Un pirata, un xogador de fútbolín, unha bailarina de caixiña de música e un único desexo; xogar sen límites para medrar sen "medidas". Ghazafellos propón reflexionar sobre a igualdade de xénero, o cambio de roles ou os estereotipos sociais. Iriña bailarina escucha na ruptura de roles convencionais a través dunha bailarina que vive nunha caixa de música e que debece por poder saír do espazo que a anoa a dar voltas sen cesar para poder xogar ao fútbolín.

Rematará a invernada o día 30, ás 19.30 horas con outro espectáculo infantil, neste caso Peter Punk-*Punkdemia*. Peter Punk convértese no doutor Punkdemia, con un espectáculo viral no que ofrece a súa particular visión da Pandemia.

Punkdemia céntrase en novas rutinas, descubriendo como se viste un paiaso para protexerse da covid-19, uso de máscaras, vacinas e o equilibrio necesario para facer fronte á desescalada.

Xermade celebra o 15 unha xornada de promoción do cooperativismo

A antiga Casa do Sindicato en Xermade acollerá o sábado 15 de outubro unha xornada de promoción e difusión do cooperativismo.

Coincide tamén co Día Internacional da Muller Rural á que se lles fará unha homenaxe ao final da velada cunha degustación dos Chicharos da Cova, que foron postos en valor recentemente grazas a unha iniciativa dunha técnica, Susana Trastoy, que participaba nun proxecto de recuperación de especies hortícolas.

A xornada dará comezo ás 11.15 horas e comezarán coa presentación da cooperativa Almoga con Fina Felpeto e Susana Trastoy.

Continuará despois coa presentación do proxecto de recuperación do chícharo ao cargo do técnico agrícola Marcos Besada e, novamente, Susana Trastoy.

As persoas interesadas en asistir poden inscribirse no teléfono 982 501 001.

PROXECTO EÓLICO. Por outra banda, o día 18 haberá na casa escola de Cabreiros unha sesión informativa sobre os proxectos eólicos. Esta dará comezo ás 20.30 horas a cargo do grupo Inversor & Industrial & Elicio.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Muimenta acolle un taller de memoria e psicomotricidade

A Asociación Aquilino Iglesia Alvariño de Muimenta organiza o martes 18 un taller de psicomotricidade e memoria na terceira idade, na casa da cultura de 16.00 a 20.00 horas. Este curso, que será impartido pola Escola Galega de Saúde, estará ao cargo de Susana Mosquera Martín, psicóloga e formadora e está dirixido a pacientes, familiares e cuidadores. O obxectivo é promover o desenvolvemento e estimulación das capacidades psíquicas, motrices, afectivas, expresivas, creativas e de comunicación. O programa centrarase en fundamentacións teóricas das capacidades biolóxicas, motrices, neuromotoras e sensoperceptivo motoras; así como os procesos cognitivos básicos, as habilidades sociais, de benestar e de participación na diversidade. Habrerá tamén unha sesión teórico-práctica de psicomotricidade para a terceira idade e outra de recuperación da memoria.

Presentación da webserie Amnesia 3.0

A casa da cultura de Muimenta acollerá o próximo sábado día 15 a presentación de *Amnesia 3.0*, a premiada primeira webserie interactiva de ciencia ficción en galego, na que a persoa espectadora ten 3 puntos de vista diferentes en cada capítulo. Esta sesión terá lugar a partir das 20.00 horas e contará coa presenza da directora deste proxecto, Irene Pin, con raíces no Concello, xa que se trata da neta de Aurelia de Basanta. Tamén asistirá o equipo da serie. Esta actividade está organizada pola Asociación Aquilino Iglesia Alvariño.

Os socialistas votan a favor da expropiación da Torre de Caldaloba

No Pleno de Cospeito tratouse novamente a expropiación da Torre de Caldaloba e a situación na que se atopa o proceso. Segundo avanzan os socialistas, a expropiación debe seguir o seu curso para poder facerse cargo deste ben e actuar para conservalo. Así mesmo asegurou que a Deputación aprobou o proceso de compra da outra metade pero aínda non foi efectiva esta operación porque necesitaba pedir permiso á Xunta, "aprobouse o proceso de compra pero non a compra en si", subliñou Rosa Morán. "Consideramos de todos os xeitos que o que compre ten que coller todo para facer un traballo conxunto e que poda ter un futuro", indicaron. Por outra banda, o grupo municipal socialista volveu levar a Pleno unha listaxe de preguntas encabezadas unha vez máis pola situación na que se atopa o PXOM. Non hai avances sobre esta cuestión xa que a nova empresa adxudataria anunciara hai un tempo que a situación estaba máis atrasada do previsto, polo tanto quedou parado de novo. "O PXOM volve estar parado e ten aspecto de alargarse moito máis pola incompetencia que demostraron ao non ter feito as cousas ben desde os inicios", afirmou Rosa Morán, voceira socialista, que pediu que se resolva canto antes a actual situación de parálise.

O SAF volveu tamén ao pleno. Os socialistas preguntaron polo acordo tomado na anterior sesión na que se instaba á Xunta a axustar as remuneracións do persoal ao con-

venio, un trámite burocrático está en marcha pero non completado. Así mesmo, reclamaron que se preste o servizo de podoloxía tal e como demandan os usuarios do SAF. O Concello afirmou que xa atopou a empresa que se encargará desta xestión a partir de agora. A preguntas dos socialistas, o Concello informou que os locais municipais onde se xuntaban os maiores na Feira do Monte e en Muimenta abrirán despois de San Froilán. Do mesmo xeito, as persoas que desexen acceder aos pavillóns deberán solicitar as chaves no Concello.

O alcalde afirmou no Pleno que xa están rematadas as obras dos vestiarios do campo da Fonte e que xa se fixo o asfaltado do barrio da Algara en Vilapene. Tamén dixo que o bus seguirá sendo gratuíto para os rapaces das escolas deportivas. O que está aínda parada, é a execución da axuda á Lagoa de Cospeito, que se fará cando o tempo e o apareamento das aves así o permitan.

A última pregunta dos socialistas dirixiuse á situación de varios veciños que tiñan feita en 2019 unha presolicitude de autorización de acometida á rede xeral de abastecemento de auga. O alcalde informou que estes deberán facer unha nova solicitude e que deberán pagar unhas taxas con 60 euros polo entronque e outros 60 de fianza. O PSOE fixo un rogo para que o Concello repare as ventás do piso superior da Escola de Cospeito.

O magosto Cal da Loba amplía programación

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino retoma este ano o Magosto Cal da Loba para celebrar o día 22 deste mes a segunda edición do mesmo con máis actividades.

Este magosto contará cun amplo programa de actividades que se iniciarán ás 10.30 horas e que comezará cunha andaina dende a escola do Mato ata o castelo de Caldaloba coa vestimenta de época. Os participantes recibirán o título honorífico Constanza de Caldaloba. Esta distinción tamén será entregada a título póstumo a Darío Xohán Cabana. Ao finalizar, tralo saúdo dos organizadores encargase da lectura do pregón, a escritora e artista Andreia Costas, gañadora do I Certame de Caligramas Constanza de Castro. A continuación, terá lugar a entrega de premios do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos foron convocados en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba. es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre.

Suso Pena Regueiro será o encargado de facer unha introdución sobre a historia e os últimos achados do castelo e a parroquia e dará paso ao recital poético no que participará a preoqeira, así como Beatriz Dourado e Daniel Irímia. Rematarán a mañá con música tradicional a cargo do cuarteto Sementeira Sons da Chaira. Este ano si haberá xantar medieval, con cocido de época que consistirá en sopa de cocido, cocido completo, postre, pan, bebidas e café. Pola tarde actuarán las pandereiteiras de Caldaloba, haberá música para nenos con Orquestra Cé Pan-




tasma: A Voar e un xogo infantil de busca do tesouro. Así mesmo representará a obra teatral Contos nunha lareira de Pino, por José Manuel Pena Regueiro. A xornada finalizará co magosto, no que haberá ademais das castañas, viño e auga, todo amenizado con música tradicional.

Para participar no xantar e no magosto haberá que anotarse previamente cos membros da asociación antes do 16 de outubro. O prezo será de 25 euros para os socios e de 30 para os non socios tanto sumando as dúas comidas. Os que queiran só magosto deberán aboar 5 euros.

IOGA. A Asociación Cultural San Martiño de Pino, de Cospeito, celebrará este ano clases de ioga todos os luns. As clases serán de 21.00 a 22.00 horas e terán un prezo de 20 euros ao mes para os socios e de 30 para o resto.

O ioga é unha disciplina tradicional espiritual, física e mental orixinada na India. O ioga é unha das seis doutrinas ortodoxas do hinduísmo. Salienta a meditación e a liberación. As persoas interesadas deberán inscribirse con calquera membro da asociación.



constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES



A FAEIRA, S/N 15325. AS PONTES (A CORUÑA) / www.queseriasdeleume.com

Rozas acolle o primeiro voo dun dron aerotaxi en España

O CIAR de Rozas acolleu este martes os primeiros voos en España dun aerotaxi sen piloto xestionado con AIRUS, un dos sistemas máis avanzados de xestión de tráfico de drones en cidades de Europa, desenvolto polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG). O fitivo lugar no marco do proxecto europeo AMU-LED, que busca avanzar na integración segura de drones en contornas urbanas.

Estes voos forman parte das demostracións de AMU-LED deseñadas e coordinadas polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) en España e que tiveron lugar estes días no que foi unha das maiores e máis avanzadas concentracións de tráfico aéreo de drones de Europa, con vehículos aéreos tripulados e non tripulados que realizaron máis de 30 operacións, tanto reais como simuladas.

Os voos de aerotaxi foron xestionados con AIRUS, a plataforma tecnolóxica desenvolvida por ITG e NTT DATA que permite a integración eficiente e segura de UAS (drones) no espazo aéreo e que

será clave para a democratización dos servizos de mobilidade aérea urbana no futuro, xa que permitirá habilitar aerovías urbanas baixo demanda e en tempo real. Este software incorpora os últimos avances en enxeñería de tráfico de drones para proporcionar funcionalidades ao centro de xestión como a identificación e rexistro de drones, xeoposicionamento, resolución de conflitos de plans de voo, seguimento e monitorización do voo, información de tráfico, interface con ATC (Controlador Tráfico Aéreo), xestión de emerxencias, información aeronáutica precisa e fiable, etc. O nivel de intelixencia, seguridade, automatización e dixitalización de AIRUS permiten tráfico UAS (drones) en escenarios complexos, onde a vixilancia é obrigatoria, por exemplo BVLOS (voos que se realizan máis aló do alcance visual do piloto), contorna aeroportuaria, espazos aéreos de alta densidade de tráfico, áreas urbanas ou outras infraestruturas críticas.

Volve a Feira da Galiña de Mos o día 30 de outubro

Tras dous anos de sequía, o día 30 de outubro volverá celebrarse a Feira da Galiña de Mos, na parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei, na que os criadores desta afamada galiña porán en valor os seus exemplares. A feira, que chega á súa undécima edición, contará coa feira de artesanía e o tradicional concurso. Aínda así, a exposición de exemplares desta raza está pendente das disposicións da Xunta no relativo á gripe aviar. Esta mostra, organizada por Avimós, a Asociación de Avicultores de Raza Galiña de Mos, de facerse sería ás 10.30 horas. Ademais, xunto á exposición haberá un concurso.

Xa ás 11.30 será a Foliada de Bosende e despois chegará o punto principal da xornada, a degustación, que dará comezo ás 13.30 horas co reparto de racións a un prezo de 11 euros e que consistirán en empanada, polo, patacas, ovos e queixo con bebida engadida.

Está previsto que se sirvan un total de 800 racións como anos anteriores, e os tickets poderanse adquirir nun stand colocado pola organización e estarán á venda dende dous



días antes por parte da organización ou o mesmo día da feira. No apartado musical, destaca a actuación de José Amido de Roás ás 16.00, e para rematar a xornada haberá xogos populares coa asociación Cadaval. Ademais, para completar a xornada, haberá unha exposición de vehículos clásicos que farán unha ruta dende Castro Ribeiras de Lea ata San Xiao de Mos, pasando por Castro de Viladonga, Sagrado Corazón e Santa Leocadia. A inscrición para participar estará aberta o día 27 de outubro.

O Castro de Viladonga convoca un curso de tecido na antigüidade

O Museo do Castro de Viladonga acollerá o sábado 15 de outubro un obradoiro co título *O tecido na antigüidade*.

O obradoiro, conducido pola artesá textil Miriam Fernández Otero, levarase a cabo en xornada de mañá e tarde, de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00, dentro das dependencias do museo.

Miriam Fernández Otero está graduada en Historia da Arte cun máster en Servizos Culturais e con formación en distintas técnicas textiles que a ten levado a investigar os materiais e as técnicas de tecido no mundo antigo así como o tinguido de fibras textiles.

No taller abordarase o funcionamento dos teares verticais e o tinguido de fibras vexetais na antigüidade. A inscrición xa está aberta e esta pode realizarse no teléfono 982 870 160. Terán preferencia aquelas persoas que non o tiveran feito nos dous últimos anos.

O Coyote Pedal organiza unha andaina para o 15

Trala celebración o mes pasado da III Marcha cicloturista BTT, o club Coyote Pedal Terra Chá en colaboración co Concello de Castro de Rei celebrará nesta ocasión a I Andaina Coyote Pedal, o sábado 15 de outubro con hora de saída ás 9.30 da mañá do Teleclub de Bazar en Castro de Rei.

Trátase dunha marcha que discorre polo Concello sen carácter competitivo. A distancia para percorrer serán aproximadamente 12 km principalmente por pistas aínda que cruzarán tamén algún sendeiro.

Está categorizada como de nivel medio/baixo tendo un desnivel positivo de menos de 200 metros, polo que é apta para todos os públicos.

Os socialistas critican o estado da estrada Amigos da Feira

O voceiro Socialista, José Luís Castro Tellado, criticou a deixadez do alcalde de Castro de Rei con respecto ao mantemento e adementamento do municipio. Fíxoo tras comprobar o lamentable estado no que se atopa a estrada Amigos da Feira, situada no conxunto histórico. "Comprobamos que hai pedras soltas, que incluso son perigosas para os viandantes que camiñan pola rúa".

Castro Tellado fíxose eco ademais das queixas da veciñanza, "que denuncian que hai varios puntos do concello que levan sen luz pública dende hai máis de 15 días, incluída a



area de autocaravanas. Os afectados dinnos que xa deron aviso ao Concello para arranxar os problemas, pero a día de hoxe seguen sen resolverse", lamentou.

Unha vintena de gandeiros participou nunha poxa na Granxa Gayoso Castro

A Granxa Gayoso Castro acolleu unha poxa pública, na que se venderon por un prezo medio de 1.087€ un total de 33 cabezas de gando bovino. Preto dunha vintena de gandeiros e gandeiras poxaron por estes animais.

A poxa foi en vivo, a man alzada, e con sistema ascendente, de xeito que comezou cun prezo de saída que se foi incrementando a través de sucesivas poxas, en tramos de 50€. Adxudicouse o exemplar in-

teresado ao prezo de remate ou prezo da última poxa realizada polo mellor ofertante. O prezo máis alto pagouse por un exemplar femia de vacún maior de raza frisoa, polo que se pagaron 2.950€.

Entre os animais de raza Cachena o prezo máis alto foi o dun exemplar macho, que se vendeu a un prezo de 1.150€. 1.160€ foi o prezo máis alto dos xatos frisóns de máis de 50 días. En total, a venda de todas as reses sumou 35.870€.



meira

Fúndase na localidade a asociación internacional O Camiño Sostible



Con motivo da celebración do sétimo aniversario da aprobación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fundouse en Meira a Asociación O Camiño Sostible.

Foi no ano 2015 na sede de Nacións Unidas onde o Papa Francisco pronunciou o discurso que aprobaba esta estratexia. Os ODS están presentes en todos os ámbitos, o ambiental, o social e patrimonial e o económico.

Manuel Vidal Rico, un veciño desta localidade luguesa con ampla experiencia en comunicación, é un dos membros fundadores da asociación, na que o Concello de Meira ofrece patrimonio, natureza e unha gran riqueza etnográfica.

Esta asociación está apadriñada pola lenda do baloncesto Fernando Romay e por un veciño de excepción de Meira, Sergio Vallejo, varias veces campión de España de Ralis.

O presidente da entidade é Rodrigo López Piquín, que conta con ampla traxectoria de traballo nas redes de mozas do programa MaB e foi o coordinador do I Foro da Rede Española de Reservas de Biosfera que reuniu a 39 participantes, estando presentes 30 Reservas de Biosfera das 52 que forman a Rede Española.

A clara intención desta nova asociación é levar a cabo encontros de mozos no territorio, en Galicia e na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Convocan un curso de costura e outro de bailes de salón

O Concello de Meira organiza un curso de costura que impartirá María Luisa Freire Cordero, modista e profesora de corte e confección. Os interesados en anotarse poden facelo no 639 728 129 ou no correo freirecorderomarisa@gmail.com. A programación será de tres días de clase mensuais que suporán 45 euros. Cada sesión constará de tres horas de formación.

BAILES DE SALÓN. Os bailes de salón volverán a Meira en novembro xa

que darán comezo as clases a primeiros do próximo mes no Cabanón Grande, situado na praza do Convento. As sesións terán lugar os mércores de 22.00 a 23.30 horas a un prezo de 50 euros por parella e mes.

A formación estará ao cargo de Teresa Soto e José Manuel Teijeiro que amosarán os segredos de distintos bailes das categorías de salón e latinos..

As inscrición estará aberta durante todo o mes e debe facerse a través do teléfono 680 602 272.

Comezan as obras do Centro de Información do Alto Miño

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), visitou o inicio das obras do novo Centro de Información do Alto Miño, en Fonmiñá, lugar emblemático do concello lucense da Pastoriza, acompañado polo alcalde do municipio, Primitivo Iglesias.

“Comezaron os traballos do que, sen dúbida, será un lugar de referencia na demarcación, situado nun enclave privilexiado a través do que se divulgarán os valores dos ríos e do ecosistema asociado aos mesmos”, explicou Quiroga

A edificación e o exterior foron proxectados evitando o impacto visual, primando e valorizando a riqueza natural e paisaxística da contorna; pensando en edificacións sinxelas e construídas con materiais da zona. Será dotado de tecnoloxía simple, intuitiva e adaptada aos novos tempos, co ánimo de facelo atractivo



para os veciños e visitantes, ademais de estar moi enfocado á comunidade escolar.

O investimento estimado supera os 340.000 euros, sufragados ao 100% pola CHMS, pola súa banda o Concello da Pastoriza puxo a disposición os terreos necesarios para a edificación e a contorna próxima.

“Este centro responderá á necesidade de albergar un centro versátil

que se utilizará, segundo os casos, aula da natureza, espazo de lectura, lugar de contemplación, museo. En consecuencia, interiormente será un espazo polivalente, pouco compartimentado, con fácil adaptación ás distintas necesidades de exposición ou actividades que vaian xurdindo co tempo e que se irán definindo co mesmo” explicou Quiroga.

Entre Liñas segue coas xuntanzas vinculadas á lectura

O club de lectura Entre Liñas da Pastoriza segue coas xuntanzas vinculadas á lectura e nesta ocasión, María Solar visitará o club. Será o xoves 22 de outubro, ás 21.00 horas no Fogar de Maeloc, para recibir á escritora de *Os nenos da variola*. María Solar é escritora e xornalista. Autora de libros para públicos de todas as idades que se traduciron a varios idiomas, presenta tamén un programa cultural na televisión. Lembra no seu libro un suceso histórico que se puxo de moda estes días.

No hospicio da Coruña, en 1803, os nenos sobrevivían a duras penas. Nin eles, nin a súa reitora Isabel Zandal poden imaxinar de que maneira cambiaralles a vida a chegada do Doutor Balmis e a súa expedición médica.

Esta actividade é aberta para todo o público que queira asistir e tamén está aberta a participación no club de lectura.

Licitan as reparacións de Gueimonde e Fonmiñá

Abriuse o procedemento de contratación das obras de mellora en pistas das parroquias de Gueimonde e Fonmiñá, na Pastoriza.

Trala sinatura do convenio co Deputación, o Concello está avanzando na tramitación do contrato co obxectivo de comezar canto antes cos traballos de pavimentación, que se centrarán nun acceso moi deteriorado a unha vivenda en Gueimonde e noutros dous treitos que dan servizo ás aldeas de Paraxes e Os Goritos.

As actuacións, financiadas a través de dito convenio interadministrativo, inclúen a reposición do firme en cinco pistas e ramais, que suman máis de 2,5 quilómetros de lonxi-

tude e que son de uso habitual por turismos e maquinaria. A renovación farase con capa de mezcla asfáltica en quente ou rego asfáltico, segundo as necesidades de cada tramo, e realizarse tamén unha limpeza das cunetas.

As obras suporán un investimento total de 135.819,94 euros distribuídas entre esta anualidade e a vindeira.

OUTRAS OBRAS. Por outra banda, da man da empresa Obras e Viales Bascuas comezaron tamén na Pastoriza os traballos para a renovación dos viais que comunican o núcleo urbano de Bretoña cos barrios de Currás e Maciñeiras.

Clases de ukelele e guitarra

Volven este ano as clases de guitarra e ukelele ao Hábitat cultural Fogar de Maeloc da Pastoriza, dous fermosos instrumentos que poden aprenderse a tocar co profesor Manu Fandiño. Xa está aberto o prazo de inscrición e as clases darán comezo en outubro tanto para o nivel de iniciación como para o de perfeccionamento.

Os interesados en anotarse ou informarse poden facelo no teléfono 639 987 715 ou no correo fogardemaeloc@gmail.com, así como na propia cafetería da casa da cultura. Natural de Lugo, Manu Fandiño desenvolve o seu labor como docente na Escola de Música Cantarela. É profesor de guitarra clásica, eléctrica e ukelele na ESMUG dende 2017.


CHAIREGOS
 SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS

O Supremo avala a decisión do Concello contra os plans de explotación mineira

O Tribunal Supremo emitiu o seu fallo contra Erimisa e dando a razón ao Concello da Pastoriza que non apoiu a concesión de explotación da mina Alicia.

Deste modo e tras varios procesos e recursos, o Concello da Pastoriza sae victorioso da súa pelexa con Explotación de Rocas Industriais e Minerais (Erimisa).

Esta sentenza dá a razón á desestimación do recurso de apelación da empresa contra o fallo do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no que se validaba a decisión do Concello da Pastoriza de suspender unha tramitación relativa á concesión da explotación.

A empresa presentou en abril de 2017 unha comunicación previa no Concello de inicio de actividade, pero este, cun decreto de alcaldía, declarou que a declaración de impacto ambiental, de 2005, estaba caducada e non se incluía un informe de Medio Rural, preceptivo por ser chan de especial protección agropecuaria, polo que desestimou a instancia.

A empresa presentou varios recursos aos que o Concello rexeitou á espera do fallo xudicial, o que motivou un novo recurso ata chegar ao Supremo, que agora valida a decisión do Concello.

O alcalde, Primitivo Iglesias, recoñeceu que “o Concello como

garante da legalidade e defendendo o dereito a un medio ambiente adecuado non aceptou a Declaración de Impacto Ambiental presentada pola empresa por entender que non era válida e non acreditaba que non se poderían producir danos irreparables no noso medioambiente. Ata o de agora tanto os xulgados de Lugo coma o Tribunal Superior de Galicia deunos a razón fronte a empresa. Agora temos un novo fallo favorable os intereses municipais desta vez polo Tribunal Supremo que desestima de novo os planteamentos da empresa en favor do defendido sempre polo Concello da Pastoriza”.

Renovarán o pavillón polideportivo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza asinaron un convenio para realizar melloras no pavillón polideportivo municipal.

As actuacións previstas inclúen a instalación dun pavimento sintético e adaptado á diversidade da práctica deportiva que se ven desenvolvendo na pista, que se redefinirá para facilitar o acceso do público ás bancadas superiores. Tamén se farán melloras nas escafeiras e nas bancadas, ademais de poñer redes de protección tras as porterías.

A tenente alcalde da Pastoriza, Elva Carrera, explicou que “este investimento permitiranos renovar unhas instalacións moi empregadas para adestramentos e competicións tanto de deporte escolar como do fútbol sala feminino, e tamén por



alumnado do colexio e veciñanza en xeral” e incidiu na necesidade de “corrixir algunhas deficiencias que o edificio ven arrastrando desde a súa construción, como a ubicación da pista, con dúas columnas

no fondo que dificultan o acceso á grada”

O convenio contempla un investimento conxunto de 64.000 euros e financiará tamén a renovación do canalón da fachada, xa realizado.

O Goberno local amañará varios camiños con fondos da Deputación

A Xunta de Goberno Local da Pastoriza aprobou na súa última xuntanza unha serie de obras para mellorar camiños e pistas de titularidade municipal.

Trátase de obras de pavimentación realizadas unhas con fondos do Plan Único e outras cunha subvención da Deputación.

Unha das máis urxentes é na parroquia de Saldanxe, no Salto do Can. Estes traballos pretenden por unha parte da saída a estes veciños pero

tamén ser unha alternativa ao tráfico para outras parroquias da zona como A Guarda ou Alvare, que deste xeito os veciños poderán evitar a saída á LU-122 que é moi complicada. Este traballo será financiado co Plan Único, o mesmo que outra obra próxima, a da pista que une o barrio de Miñoto, en Crecente, coa LU-125. Tamén está previsto mellorar a comexión da localidade de Bretoña coa estrada LU-125.

Por outra banda, tamén se actuará

na pista de Fontao, que una a estrada provincial de Campo do Oso co centro da vila, dentro da parroquia de Vián. Ademais arranxaranse outras pistas e camiños no propio barrio de Fontao.

Finalmente tamén está previsto iniciar obras no Biduido, no camiño que vai polo Pedredo ata saír á estrada LU-122 cerca da Cruz da Canela. Estas dúas últimas se realizará cunha subvención outorgada pola Deputación provincial.

A Pastoriza volverá contar coa ruta das tapas a final de mes

A Pastoriza volverá celebrar este ano a ruta das Tapas, que chega á súa VIII edición, a fin de semana do 28 ao 30 deste mes organizada pola asociación de comerciantes local, Asapa, baixo o cancelo #SaboreApastoriza e a un prezo de 2 euros.

Nesta ocasión serán once os locais participantes, 1 máis que o ano pasado, 4 de Pastoriza (O Cruceiro, Xarope, Brétema, a Casa da Cultura) e 4 en Bretoña (Tropical, Eskina, Luciano e Casa da Luz), ademais de Taberna Germán da Reigosa, Carrizal da Regueira e Taberna Molareda de San Cosme.

Todos aqueles que completen o roteiro poderán optar aos diferentes premios que se repartirán. Como primeiro haberá 270 euros en metálico, o segundo de 135 e o terceiro de 65. Do cuarto ao sexto serán tres premios de vales de 50 euros cada un para gastar respectivamente nos supermercados A Pastoriza e Atlántico e en Gasóleos O Acebreiro. O sétimo agasallo será un curso de



condución PTC e o oitavo un curso de iniciación ao tiro con arco para dúas persoas.

Os horarios de servizo de tapa serán os venres e sábados de 19.00 ata a medianoite e o domingo de 12.00 a 15.00 horas.

Haberá servizo de bus o sábado con saídas da Pastoriza ás 19.30 horas con percorrido por Carrizal, Reigosa, San Cosme, Bretoña e Pastoriza. Cada 45 minutos pasarán por diante dos bares.

O PP demanda a posta en servizo da depuradora e critica os rebacheos de pistas

O PP demanda a posta en servizo da depuradora de augas residuais, que leva máis de ano e medio sen uso. “A depuración das augas residuais é unha obriga normativa e unha necesidade de cumprimento inevitable polas institucións competentes para garantir o mantemento do medio ambiente. As augas residuais de A Pastoriza saen directamente ao regato de Saldanxe, porque a estación depuradora leva máis de ano e medio fóra de servizo; as instalacións están practicamente abandonadas”. Así o poñen de manifesto os populares de A Pastoriza, que defenderán unha iniciativa no pleno “para que se valore a opción de poñer en marcha a depuradora”.

Os populares atribúen a carencia de depuración das augas residuais “á falta de planificación e o abandono das responsabilidades do equipo de goberno”, presidido polo socialista Primitivo Iglesias. Lembran que estas instalacións foron construídas “por un goberno do Partido Popular”.

O feito de que as instalacións leven tanto tempo fóra de uso pode supoñer, indican no PP, un grave deterioro non só das instalacións relacionadas directamente coa depuración das augas residuais, senón tamén do resto, incluídos os locais das oficinas.

REBACHEOS. Por outra banda, o PP lamenta que “a pésima xestión” do goberno local en relación aos labores de rebacheo nalgunhas pistas municipais” e pregúntase se a área de vías, da que é responsable a concelleira nacionalista Elva Carrera, “está a facer un rebacheo ou está a tirar o diñeiro” porque “por un bache que queda tapado, quedan catro sen tapar”.

Así o manifestan tras comprobar os traballos que se están a realizar en lugares coma Pousada, Fonmiñá, Crecente ou A Rigueira. Os populares puideron comprobar in situ que “se está a aplicar aglomerado en frío” de forma que “cando chove non queda ben”. De feito, “estase levantando”.

Impulsarán actividades para maiores a través dun convenio

O director xeral de Miores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, destacou hoxe a importancia de que as persoas de máis idade se manteñan activas para favorecer a autonomía persoal e un envellecemento saudable. Díxoo no acto de firma dun convenio co Concello de Riotorto, ao que tamén asistiu o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, para a realización de programas e actuacións dirixidos a prever e abordar situacións de dependencia.

A través deste acordo de colaboración, a Consellería de Política Social e Xuventude destinará este ano 30.000 euros para contribuír ao financiamento das actuacións que realice a adminis-

tración local dirixidas tanto a mellorar a calidade de vida e benestar das persoas con dependencia como a promover a autonomía dos maiores residentes neste municipio lucense. Estas actividades desenvolveranse nas antigas escolas rehabilitadas como centros veciñais de que dispón o Concello.

Antón Acevedo sinalou que con este tipo de iniciativas, a Xunta aposta por favorecer o envellecemento activo tamén no rural, achegando aos maiores que residen nestas localidades os cuidados que necesitan para que vivan onde vivan poidan pasar esta etapa das súas vidas sen saír da súa contorna e de acordo coas súas preferencias.

Preto de 700 vivendas terán fibra óptica a través de Adamo

Preto de 700 vivendas de Riotorto contarán con Internet de alta velocidade. Iso será posible grazas ao despregamento que xa realiza Adamo, empresa que hoxe proporciona fibra óptica no medio centenar deses 700 fogares situados no concello e que completará o proceso de maneira progresiva.

Así llo comunicaron representantes da compañía ás ducias de riotortenses que se achegaron ao centro sociocultural de As Rodrigas. Trátase dun encontro organizado por Adamo para ser informados sobre o desenvolvemento da infraestrutura na localidade lucense e das posibilidades comerciais que teñen á súa disposición.

Entre eles estivo Clemente Iglesias, o alcalde, que está a xogar un papel



activo no crecemento da fibra óptica no pobo. De feito, o Concello de Riotorto está a colaborar de forma activa na concesión e na xestión dos permisos relativos ás súas infraestruturas, facendo gala dunha tremenda axilidade administrativa para levar a cabo devandito proxecto.

Cabe lembrar que a infraestrutura

que ofrece Adamo é a máis rápida dispoñible hoxe no mercado (1.000 Mb). Así que varios centos de veciños beneficiaríanse dunha tecnoloxía que axuda a fixar habitantes. É dicir, que é unha ferramenta útil na loita contra o fenómeno do despoamento, un mal que afecta a numerosos pobos de Galicia.



A localidade de Ferrería estará de festa o 29 de outubro

A localidade riotortense de Ferrería festexará a San Antonio cunha comida veciñal. As celebracións serán o 29 de outubro e darán comezo cunha misa solemne ás 13.30 horas, á que seguirá unha procesión e a sesión vermú ao cargo do dúo Estrellas.

A comida constará de sopa de coido, postre, café e chupito a un prezo de 25 euros por persoa. Pola tarde está prevista animación infantil para finalizar cun bingo ás 19.00 horas. Non faltará pola noite a verbena con Dj Pedro Bermúdez e de novo o dúo Estrellas.

O Concello organiza unha excursión a Cantabria

O Concello de Riotorto ten programada unha excursión a Santander que se celebrará os días 22 e 23 de outubro.

A viaxe dará comezo ás 7.00 horas dende a gasolinera da localidade. Tras un almorzo en Cudillero, no restaurante A Lupa, visitarán as localidades de San Vicente de la Barquera, Comillas e Santillana del Mar pola mañá e, pola tarde, estarán en Ajo e Santoña.

Os asistentes pasarán a noite nun hotel de castro estrelas en San-

tander ao que chegarán ás 20.00 horas. Ao día seguinte, farán unha visita guiada pola localidade de Santander. Tralo xantar, haberá tempo libre e o regreso está previsto para as 18 ou 19.00 horas.

O prezo da viaxe é de 110 euros por persoa e só haberá 50 prazas, tendo preferencia os usuarios dos centros veciñais.

As persoas que desexen acudir deberán anotarse cos monitores dos centros veciñais ou no Concello antes do 16 de outubro.

Elixida unha nova directiva entre os veciños de Órrea

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea conta cunha nova xunta directiva que ven de facer público o reparto de responsabilidades. Así, a presidencia queda nas mans de Colombina Sobrado Rodríguez, e actuará como vicepresidente Carlos Costa García. Actuará como secretaria Ángela

Fernández Fernández e tesoureiro será Rubén Costa García. Os vogais son Antonio Abreira Castro, Jesús Fernández Díaz, Luís Fernández Fernández, María Luz Iglesias López, Hilda Murado Linares, Manuel Otero Cancio, José Antonio Rico Rey, Francisco Veiga García e José Ángel Veiga Neira.



Vaise completar a rede de saneamento no lugar de Galegos

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destina 50.000 euros á segunda fase das obras de saneamento que se está a executar en Galegos, no municipio de Riotorto.

As obras, realizadas polo concello con financiamento de Augas de Galicia, consisten na construción dunha rede de colectores que canalizarán as augas residuais cara a un punto de vertido onde se situará o conxunto de depuración. Completarase así o servizo en todo o núcleo, atendendo aos inmobles situados cara ao sur da igrexa que quedaron fóra da primeira fase para non remitir todas as augas á mesma estación depu-

radora.

Os colectores discorren polas marxes de camiños e estradas e por fincas particulares debido á orografía do lugar e á dispersión das vivendas. A pendente do terreo fai necesario executar pozos de resalto en puntos concretos para resolver satisfactoriamente o desnivel a salvar ata chegar ao punto de depuración.

Este sistema de depuración estará composto por una fosa máis filtro compacta cunha cámara de decantación secundaria, fabricada en fibra. Na entrada á fosa colocase unha arqueta de desbaste, e á saída un pozo de rexistro destinado á recollida de mostras.



abadín

A rehabilitación da estrada entre Moncelos e Abadín rematará este ano

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avanza a bo ritmo nas obras de mellora da estrada autonómica LU-113 ao seu paso polo concello de Abadín, segundo constatou o delegado territorial da Xunta, Javier Arias, durante unha visita para comprobar a marcha das actuacións.

Arias explicou que a intervención comezou en agosto e o bo tempo axudou a traballar con axilidade. Así, esta semana está previsto finalizar a fase de rehabilitación do firme existente para executar a continuación os drenaxes laterais e as cunetas de formigón, actuacións previas á extensión da nova capa de rodaxe. “Poñemos todos os medios necesarios co obxectivo de rematar as obras dentro deste ano se o clima o permite”, salientou Arias. Lembrou que o proxecto céntrase no acondicionamento dos últimos 7,8 km da LU-113, o treito entre Moncelos e Abadín, o que redundará na mellora da seguridade e prestacións da vía.

A Xunta destina 2,2 millóns de euros a estas obras, que se realizan desde o punto quilométrico 22+800, á altura do enlace coa estrada LU-121, ata o remate da estrada no quilómetro 30+600, na conexión coa autovía do Cantábrico.

AS OBRAS. As actuacións consisten na reparación das zonas que pre-

sentan fisuras e os treitos máis deteriorados en zonas puntuais ou con esgotamento estrutural do firme, complementadas con outras intervencións co fin de adaptar a vía ao tráfico que soporta e optimizando a súa vida útil.

En concreto, realízanse fresados localizados e reponse o pavimento con mestura bituminosa. Para mellorar a drenaxe da estrada executárase unha cuneta de seguridade revestida en formigón, que disporá de tubo dren para evitar as filtracións á explanada. Proxéctanse ademais un conxunto de intervencións de reforzo da seguridade como cunetas, sinalización horizontal, tacos de resalto ou captafaros.

O PSOE entrega 1.100 firmas para reclamar a mellora da atención sanitaria

O voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz, entregou no rexistro da Xunta en Lugo preto de 1.100 sinaturas coas que reclama á Consellería de Sanidade mellorar de xeito urxente a Atención Primaria no concello de Abadín. “Actualmente, só hai un médico para atender a unha poboación de 2.300 veciños e veciñas, e a carga de traballo que está soportando o único sanitario é excesiva”, din. Ademais, o socialista reclama que se retome a prestación do servizo de pediatría que a Xunta recortou hai tempo.

A agrupación socialista de Abadín iniciou unha campaña de recollida de sinaturas o pasado mes de agosto, coa que percorreron as parroquias do municipio e na que constataron a preocupación e as inxedanzas da veciñanza polo deterioro da Atención Primaria no centro de saúde. Explican tamén que o facultativo que está na consulta ten que distribuír as xendas de traballo para atender a tódolos pacientes que estaban no cupo dos outros dous sanitarios. “Queremos vivir no rural, e reclamamos unha educación e unha sanidade dignas.

muras

Isaam Algnam Azzam, xulgado de novo por prevaricación

O ex alcalde do concello de Muras, Isaam Algnam Azzam, volveu sentarse no banco dos acusados como presunto autor dun delito de prevaricación.

A acusación recolle no seu escrito que o ex rexedor subscribiu numerosos contratos laborais de carácter temporal entre 2012 e 2015 sen seguir os procedementos regrados para seleccionar ao persoal. Aseguran que o fixo “con pleno coñecemento e vontade de que actuaba á marxe do ordenamento xurídico e de que ocasionaba un resultado materialmente inxusto co seu comportamento”.

A Fiscalía sinala que algunhas das contratacións fixéronse tras unha entrevista persoal do propio alcalde coas persoas contratadas e que o Algnam Azzam fixo “caso omiso” das advertencias da interventora. Por este delito do que se lle acusa pídesse que sexa inhabilitado para o emprego público durante 15 anos. Algnam xa fora condenado por



inurias cara ao seu sucesor, Manuel Requeijo, en 2016, e tamén foi xulgado o pasado ano por prevaricación por asinar resolucións en materia urbanística que beneficiaban á súa muller, aínda que foi absolto.

Nesta ocasión o ex alcalde defendeu a súa inocencia alegando que fixo “un sistema de fixación de poboación”. Asegurou que leva xa 33 xuízos e en todos foi absolto.

O Consello Galego aproba a concentración parcelaria en Moncelos



O Consello da Xunta aprobou tres decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Santa María de Almoite (Baños de Molgas), Santa María de Bemil (Caldas de Reis) e Santiago de Moncelos (Abadín). Deste xeito, mediante a reestruturación global dunhas 2.333 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados máis de 3.000 propietarios.

Así, trátase de tres novos decretos de concentración parcelaria que se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de

Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Neste senso, cabe sinalar que os tres procesos foron solicitados por titulares de explotacións e apoiados polos respectivos concellos. No caso da parroquia de Baños de Molgas, hai un total de 21 explotacións, na de Caldas de Reis son 62 e na de Abadín 29, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

pol

O Concello convida aos seus maiores a unha comida o día 23

O Concello de Pol organiza a XXIX Comida da Terceira Idade que se celebrará o vindeiro domingo 23 de outubro na carballeira de Mosteiro baixo unha carpa climatizada.

As actividades previstas comezarán ás 13.00 cunha misa seguida do xantar, ao que convida o Concello. Con todo, as persoas interesadas deben confirmar a súa asistencia antes do luns 17 de outubro nas oficinas municipais ou a través dos teléfonos 982 345 029 e 982 345 038.

Tamén haberá animación musical.



O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

TERRA CHÁ



Gandeiros de vacún de carne concentráronse

Representantes do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas concentráronse diante do Concello de Vilalba, na praza da Constitución, continuando a campaña Polo Futuro do Sector Vacún de Carne. Na defensa das nosas comarcas, iniciada o pasado 31 de agosto en Xinzo de Limia, que se desenvolve en varias comarcas galegas. Con esta campaña procúranse apoios institucionais locais para defender o sector vacún de carne, un dos sectores máis afectados pola subida de insumos.

As integrantes do SLG presentaron publicamente a batería de medidas fundamentais que cómpre activar xa para salvar ao sector facendo fincapé en que “estamos fartas da Consellería de Medio Rural e do seu fume, que falen coa verdade por diante”, sinalou Brais Álvarez, Coordinador do

Sector Vacún de Carne no SLG-CCLL. “A verdade é que a día de hoxe non publicaron ningunha axuda directa ao sector como prometeran, só fixeron unha modificación na orde que permite adiantar os cartos da PAC vía bancaria, prometendo uns adiantos vía bancaria dunha axuda que nin tan sequera sabemos cando se vai a publicar”, proseguíu.

Nese sentido, dende o Sindicato Labrego Galego cualifican esta actuación de negligente. “É negligente que a propia administración invite ás granxas a endebedarse coa solicitude de créditos coa promesa de que a Xunta de Galicia vai correr cos gastos de interese dos préstamos. É negligente que a Xunta de Galicia xogue así cos cartos de todas as cidadás xerando leis para ter un trato de favor cos bancos e seguir a empobrecer as granxas galegas”.

Reclaman en Parga e Castro a recuperación dos seus servizos

Os centros de saúde de Parga e Castro de Rei seguen levantando protestas por parte da veciñanza, que reclama a recuperación total da atención sanitaria en ambos centros de saúde.

O consultorio de Parga retomou o pasado día 4 a actividade asistencial, que como informou o Sergas “fora trasladada temporalmente ao centro de saúde de Guitiriz desde o inicio da pandemia”. Así, asegura que o centro de saúde contará con atención médica e de enfermería dous días á semana, martes e xoves, algo que rexeitan desde diferentes colectivos.

Así a Asociación Parganonsedivide esixe á Xerencia do Sergas a reapertura diaria e sen limitacións “tal e como viña presentando o servizo antes da covid-19”. “Non nos conformamos con ter o consultorio aberto martes e xoves cun médico soamente. A enfermidade non traballa a tempo parcial, polo que a atención médica no noso centro de saúde debe estar garantida a diario e sen limitacións, con dous médicos que temos asignados os usuarios de Parga e coa enfermeira tamén todos os días da semana. Non hai ningunha razón pola que manter unha atención parcial cando seguimos a ser o mesmo número de usuarios e usuarias: 1700”, indican



dende o colectivo. Dende a asociación denuncian como incongruente “que teñamos que desprazarnos a Guitiriz en función do día da semana na que te toque a cita médica” e avanza que “este xeito de traballar é o primeiro paso para o peche definitivo”, conclúen.

CASTRO DE REI. Pola súa banda, os socialistas de Castro de Rei advirten de que os recortes e a pésima xestión sanitaria do PP levan ao peche dos centros de saúde da provincia, como no caso do centro médico de Castro de Rei que a día de hoxe segue pechado e sen data para a súa reapertura.

Por iso, dende o PSdeG “esiximos á

Xunta a apertura inmediata deste centro de saúde”, xa que lembran que pechou as súas portas coa desculpa da pandemia e trasladouse a atención médica e ambulatoria ao Centro médico de Castro Ribeiras de Lea. Actualmente, no centro de Castro de Rei só hai servizo de enfermeira dous días á semana, tres horas, “e sospeitamos que a Xerencia poida estar contemplando o peche definitivo do consultorio derivando a atención médica ao Centro de Castro Ribeiras de Lea”. Onde ademais tamén son frecuentes a falla de médicos neste consultorio.

Advirten de que “o peche suporía outra perda importante no escaso comercio que hai en Castro de Rei”.

Begonte acolleu a presentación das marcas das Reservas da Biosfera

O telecentro de Begonte acolleu o seminario Alimentos da Biosfera: rede para a promoción de circuitos curtos alimentarios baixo a marca Reserva de Biosfera Española.

Na presentación do proxecto estiveron presentes Fe Legaspi Valiña, presidenta do GDR Terra Chá; José Ulla Rocha, vicepresidente do GDR Terra Chá e alcalde de Begonte; Moisés Blanco Paradelo, subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural; María José González González, xefa do Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria (Agacal) e César Longo Queijo, vicepresidente do GDR Mariñas-Betanzos. A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) as marcas propias asociadas a cada Reserva de Biosfera e a marca Nacional das Reservas de Biosfera españolas para



produccións alimentarias, como estratexia para a mellora da calidade das producións e que contribúan á mitigación do cambio climático co fomento da comercialización e o consumo en circuitos curtos locais. As ponencias que se levaron a cabo estiveron ao cargo de Miguel Fernández, GDR Mariñas-Betanzos; Víctor Lama, Fogar do Santiso; Iria Suárez Corral, GDR Mariñas-Betan-

zos; Iria González Fraga, Simbiosis S.Coop.Galega; Jorge Blanco Ballón, xerente do GDR Mariñas-Betanzos. Un dos primeiros obxectivos do proxecto é crear unha rede de traballo común entre GDRs e Reservas de Biosfera coas empresas adheridas á marca Reservas de Biosfera Españolas orientada a mellorar a comercialización e que continúe unha vez finalizado o proxecto.

A Deputación inviste na estrada da Pastoriza a Muimenta



Comezaron as obras do arranxo da estrada provincial LU-P-4401, que conecta Pastoriza e Muimenta pola parroquia de Reigosa. A actuación contempla o saneamento dos tramos en mal estado e a posterior emulsión do firme para unha maior adherencia. Están a traballar no tramo que une O Carrizal coa Pastoriza. Esta é unha estrada moi empre-

gada pola veciñanza dos concellos da Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei, pero tamén polas persoas que se desprazan pola comarca chairrega. Esta actuación beneficiará tamén aos usuarios e usuarias das instalacións deportivas ás que dá servizo, como o polideportivo e as piscinas municipais da Pastoriza ou o campo de fútbol do Acebreiro.

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda pedir á Xunta a gratuidade dos libros de texto

A Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de texto e o fin dos recortes de persoal en educación na provincia. Así se acordou, co voto en contra do PP, no Pleno ordinario do mes de setembro, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Provincial Socialista.

Desde a institución demandan ao Goberno autonómico do PP que remate coa política de recortes de persoal, nomeadamente no rural, e que explique en sede parlamentaria como empregou os fondos extra de 92 millóns do Estado para reforzar a educación por mor da Covid.

A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, reclamou ao PP “un compromiso real coa educación pública e coas familias lucenses e garanta a gratuidade dos libros de texto para todas as etapas do ensino obrigatorio semellante ao que estivo en vigor durante os anos do Gober-



no de Pérez Touriño”.

A Deputada lembrou que o PP de Feijóo eliminou a gratuidade dos libros, e hoxe, o PP opta por manter esa situación nun contexto económico aínda máis complexo.

Tamén saíu adiante, a Conta Xeral da Deputación correspondente á anualidade 2021 cos votos favorables do PSdeG e do BNG e a abstención do PP. Segundo informou a deputada de Economía, Recadación, Facenda

e Especial de Contas “non se presentou ningunha reclamación, reparo ou observación”.

TOMA DE POSESIÓN. Por outra banda, tomou posesión como deputado Xosé María Teixido Núñez. O concelleiro de Guitiriz polo Partido Popular releva así a Agustín Baamonde Díaz. Teixido Núñez prometeu o seu cargo sobre a Constitución e recibiu o diploma acreditativo e a medalla.

A Deputación lanza unha nova edición do Lugo Termal

A Deputación lanza unha nova edición do programa Lugo Termal, que se desenvolverá neste ano 2022 e no 2023. Trátase da edición número 12 desta iniciativa, a través da que a institución provincial ofrece descontos a veciños e veciñas da provincia maiores de 50 anos e aos seus acompañantes para facilitar o acceso aos establecementos termiais da provincia e a recibir terapias mineromedicinais.

O programa será para desfrutar nos tres balnearios na provincia: o Balneario e Termas de Lugo, o Hotel Balneario Río Pambre de Palas de Rei e o Hotel Balneario de Augas Santas de Pantón, que son os establecementos para os que, como nas anteriores edicións, se ofrecerán os descontos.

Avanzou, así mesmo, que proximamente se aprobarán as bases que regulan o programa, onde irán detalladas as prazas que haberá nesta nova convocatoria para as modalidades con estancia e sen estancia. Será despois cando se abra o prazo para que a veciñanza da provincia se poida anotar.

A previsión é que o programa Lugo Termal arranque en outubro e remate en xuño, como en edicións anteriores.

Entregan os premios ao turismo e á gastronomía



O presidente da Deputación de Lugo e presidente do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, presidiu no Día Mundial do Turismo, o acto de entrega dos terceiros premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu á Ruta da Faba de Lourenzá; á Fundación Xosé Soto de Fión e á Asociación Veciños de Vilachá de Salvadur, na Pobra do Brollón, e na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense gañou a Feira do Butelo da Fonsagrada, o Consello Regulador da Denominación de Orixe San Simón da Costa e a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro. Pola súa banda, Cabanas das

Chousas, en Lugo, foi a empresa recoñecida polo seu traballo co galardón Turismo Sostible.

As entidades premiadas recibiron un diploma e unha peza de cerámica de Gundivós, que acreditan este recoñecemento realizado dende o Consello Provincial de Turismo, un órgano consultivo e de participación para favorecer a gobernanza turística da provincia que foi promovido e está presidido pola Deputación de Lugo.

O Presidente da Deputación expresou que “son un exemplo excelente de que avanzamos no bo camiño, mostra das nosas fortalezas, da capacidade para innovar e para competir, e que apostan polo equilibrio territorial e polo desenvolvemento do noso rural”.

Abre o prazo para solicitar as axudas ás asociacións do rural

Abriu o prazo para solicitar as subvencións do Programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, unha liña de axudas da institución provincial destinada ás asociacións para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas do rural que conta cunha dotación económica de 300.000 euros. Son de concorrencia competitiva e poderán optar durante un mes -ata o vindeiro 28 de outubro- as entidades asociativas da provincia.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000 euros, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, asociacións de mulleres rurais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou equipamentos.

Entre as actuacións subvencionadas

atópase a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais e os seus accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de augas comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas; e obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

As obras deben realizarse entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de xuño de 2023.

Investirá un millón en concellos das Reservas da Biosfera

A Deputación logrou captar un millón de euros de fondos europeos para investir nos 29 concellos da provincia que integran as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A institución provincial conseguiu a totalidade do orzamento solicitado, co que acometerá 27 medidas.

En concreto, a Deputación recibirá máis de 610.000 euros para investir entre este ano e o vindeiro 2023 en distintas actuacións na Reserva da Biosfera Terras do Miño, da que forman parte os concellos de Oural, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade, Meira, Pol, Riotorto, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Baralla, Lánchara e O Páramo.

Neste caso, os proxectos para os que a institución provincial solicitou os fondos europeos céntranse principalmente na conservación e xestión da biodiversidade e dos recursos naturais con melloras e a eliminación de especies invasoras. Os recursos irán destinados a melloras na contorna da Lagoa de Caque, das Ínsuas do Miño, dos Ollos de Begonte e tamén en diferentes tramos dos ríos. Tamén se inclúe o deseño e exe-

cución dun proxecto museolóxico e museográfico no Mazo de Santa Comba, para mellora da cartelería e a instalación de novos paneis, ademais da reparación dos solos e muros, cun orzamento aproximado de preto de 90.000€.

OS ANCARES. En canto á Reserva da Biosfera dos Ancares, a Deputación percibirá preto de 430.000 euros para Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá.

Entre as actuacións destaca a mellora do teitado das pallozas do Piorredo, en Cervantes, con palla de centeo, á que a institución provincial destinará 91.000€. Tamén desenvolverá un proxecto de mellora dos soutos dos Ancares. Serán máis de 200.000€ para desenvolver traballos nos montes comunais de Vilaver, Donís e Moreira, en Cervantes, e de Vilor, en Navia de Suarna.

Así mesmo, dará os pasos necesarios para acadar a certificación Starlight para o territorio da Reserva da Biosfera dos Ancares.

Está contemplada ademais a mellora da sinalización de patrimonio cultural e recursos turísticos, como a Vía Romana XIX, o Castro de Santa María, en Becerreá, ou as Mámoas de Oural, Pena dos Mouros ou de Restelo, entre outros.

DEPORTES

Abre en Begonte a primeira liga de pádel

O Concello de Begonte pon en marcha por primeira vez unha liga de pádel de categoría única para parellas masculinas, femininas ou mixtas.

Esta competición alongarase durante todo o mes de novembro para rematar sobre o mes de maio. A relación de partidos dependerá do número de parellas inscritas.

A inscrición ten un prezo de 20 euros por parella, cota que non inclúe o aluguer da pista para os partidos. Todos os participantes serán marcados como socios da pista de pádel ata maio de 2023, o que vén acompañado dun desconto en todas as súas reservas futuras, sexan ou non para esta liga. A competición consistirá nun partido semanal datado de mutuo acordo coas parellas. Ademais, estes poderán seguir resultados e calendarios en formato online.

As parellas interesadas deberán inscribirse antes do 14 de outubro no Concello de Begonte, a través do correo deportes@concellodebegonte.es, o whatsapp 619 455 026 ou no teléfono 982 396 143.



As Pontes e Vilalba únense na II Liguilla de tenis

Os clubs de tenis irmáns das localidades das Pontes e Vilalba organizan este inverno a segunda edición da Liguilla de Tenis tanto para xogadores federados como no federados.

Esta competición desenvolverase entre os meses de outubro e abril nas dúas vilas.

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse en calquera dos dous clubs por un prezo de 30 euros para os asociados e de 60 para os non asociados.

As inscricións poden facerse correos ctvilalbes@gmail.com ou no ctaspontes@gmail.com ou tamén no teléfono 627 536 059 preguntando por Paulino, organizador da liga.

A competición repartirá un total de mil euros en premios en material deportivo e trofeos para todos os participantes. Ademais sortearase material tamén entre os participantes que xoguen o 90% dos encontros.

“Iremos ao rural para que os rapaces teñan a oportunidade de coñecer o rugby”

Alfredo Pintor Costoya, Teje, responsable do Club Capóns de Vilalba, creado o pasado ano

Cando naceu o club e como?

O club naceu o ano pasado a raíz do movemento Rugby no Rural, onde se intentaba achegar este deporte ao mundo do rural. E decidimos probar sorte en Vilalba, nos colexios Manuel Mato Vizoso e no Insua Bermúdez.

A raíz do labor que fixemos de captación no mes de outubro como tivemos moi boa acollida, mediante as Anpas, formamos dous grupos de traballo nos colexios. Tiñamos un total de 30 nenos entre os dous colexios e decidimos formar o club.

Como xurdiu a idea do nome?

Chamámonos Capóns Vilalba Rugby Club un pouco por analogía, pois ao igual que a selección francesa ten o 15 do galo porque o galo é un animal moi tradicional naquela zona, aquí escollemos o capón que nos representa moi ben.

Cantos equipos e cantos xogadores e de que categorías teñen?

Este ano metémonos dentro das escolas deportivas que comezaron o mércores 3 de outubro e estamos á espera de ver qué nenos se apuntaron, sabemos que hai un total de 19. Nós adestraremos os martes e os xoves de 16.00 a 17.30 horas no campo de herba artificial do anexo da Magdalena, xa os temos asignado. Nenos temos en torno a 20 e 30. Consideramos que isto é un pasiño máis de pasar do colexio ao campo. Antes tiñamos bastantes limitacións por realizar os adestramentos en cemento (non podíamos ir ao chan, non podía haber contacto...) e agora por fin estamos nun campo de herba. A raíz diso, fixemos captación nos dous colexios de Vilalba e a parte fomos os dous colexios do rural: ao CEIP Moisevane e ao Terra Cha de Román, con moi boa acollida en ambos. De feito nos dous centros pedíronnos que volvésemos e imos intentar chegar todo o ano ou polo menos unha vez ao mes (aínda non sabemos a periodicidade) para conseguir chegar a eles. Temos a proposta deles pero aínda non sabemos como darlle forma aínda que o que si que temos claro é que queremos ir ao rural e queremos darlle a oportunidade aos rapaces de que coñezan o rugby. Xa fixemos as sesións nos dous colexios con moi boa acollida por parte dos nenos, da Anpa e do colexio e agora estamos á espera un pouco dos nenos que se van apuntar ás actividades municipais deportivas.

E en competición?

Paralelamente, estamos adscritos

dende o ano pasado á Federación Galega de Rugby. O que significa como escola de entre 6 e 12 anos hai catro categorías: en sub 6, sub 8, sub 10 e sub 12 imos seguir participando. Este ano vai ser a nivel Galicia xa que o ano pasado dividiuse en liga norte e liga sur e fíxose unha concentración conxunta en xuño na Estrada e non se reuniu toda Galicia por mor da covid-19. Pero este ano vanse facer 11 concentracións en toda Galicia, con todos os equipos de Galicia e nós xa estamos adscritos para participar. Estamos buscando fórmulas con Muralla Rugby de Lugo, Astérix de Viveiro e Fendetestas das Pontes para que poidan participar en categorías os nenos de máis de 14 anos nun equipo conxunto en categorías de sub 14 e sub 16.

Como se presenta a tempada? Que obxectivos hai?

Estamos tendo moito apoio do Concello coas instalacións e as escolas deportivas municipais e nos negocios locais, tivemos unha acollida brutal. Formamos xa ao noso segundo técnico en Pontevedra, no curso de adestradores de world rugby nivel 1 organizado pola Federación Española de Rugby e o Instituto Galego de Rugby que pertence á Federación Galega. Formamos a un e o ano pasado formamos a outro e tamén fixemos formación para catro nun curso da Federación Galega de Rugby nas Pontes. E a nosa idea é seguir coa formación continua.

Ademais da competición programan outra serie de actividades. De cales se trata?

Estamos tamén comezando un programa de valores de club, ao que lle chamamos Cultura de Club, no que lle estamos dando forma e poñendo en valor principios que queremos inculcarlle aos nenos coma: que se divirtan, que o pasen ben, e logo tamén está a inclusión, a igualdade, o respecto, o traballo en equipo... en definitiva, o concepto de que o rugby é un deporte nobre e honrado (que non vale calquera cousa para conseguir a vitoria).

O ano pasado competiron entre equipos?

O ano pasado como equipo fomos a cinco concentracións da Federación Galega de Rugby e a nivel escolar, fíxose unha ao mes, de xaneiro a xuño. Logo federámonos e asistimos ás concentracións de Viveiro, Lugo, Coruña, As Pontes e A Estrada...



E cal foi a resposta dos rapaces?

A resposta foi increíble porque ao final os rapaces ven que hai máis nenos xogando. A verdade é que o rugby é un deporte que está en auge, temos a moita xente cerca que o practica. Fixemos encontros xuntos: o ano pasado un trofeo en Vilalba no mes de novembro onde asistiron todos e o día 3 de setembro fixemos o primeiro torneo San Ramón de Vilalba, que foi todo un éxito. Participaron arredor de 65 nenos.

Seguen na liña de non centrarse só na competición?

Ata o de agora viñamos xogando unha vez ao mes ou cada mes e medio. O que buscamos é facer sinerxias cos grupos locais para así poder cubrir o calendario de competicións. Se agora tiñamos unha competición ao mes, pois a partir de agora poder reunirmos cada 15 días cun club veciño para que non cese a nosa actividade (que os nenos collan o hábito). Estámolo planificando e xa temos feito un calendario para que os nenos non paren. Reunímonos recentemente este sábado 1 de outubro nunha mini concentración en Ferrol onde asistimos Fendetestas, Asterix e Muralla.

Contan con axuda para manter o club activo?

Apóianos moito o empresario local. A nivel económico principalmente, hai tres modalidades: o socio base, o colaborador ou patrocinio na camiseta. E a verdade que moi ben, a resposta foi moi boa. A nivel Concello estannos axudando coas instalacións como xa dixemos e incluso coas escolas deportivas municipais. Dende o punto de vista económico non. E despois pois tódolos socios de a pé, o socio base, bótanos unha man e colabora dunha ou doutra maneira.

Prantexádesvos a idea de constituír un equipo sénior?

Por agora non, centramos isto como

unha escola xa que tampouco contamos nin con infraestruturas suficientes nin con suficiente persoal formado (só temos a dous técnicos e estou eu que actualmente son adestrador, seleccionador galego sub 16 e estou metido no instituto galego de rugby). Temos demasiada pouca infraestruturas para acaparar un equipo sénior ou feminino, que tamén é outra opción.

Que nos pode dicir da afección?

Ao final as cousas funcionan porque os pais colaboran, ao final o delegar é primordial e que cada un atope o seu sitio tamén. Cada un está acatando unha tarefa, na xunta directiva todos estamos de acordo e imos no mesmo fío, todos están asumindo o seu rol e somos moi positivos. Vemos que a cousa avanza e iso axúdanos a seguir, todo é positivo xa que aos nenos vémoslos contentos, a acollida foi moi boa a nivel colexios, a nivel pais, a nivel institucións, a nivel empresarios locais, a nivel federación, a nivel dos outros equipos... entón estamos nunha roda que está a medrar continuamente.

Que necesidades ten o club?

A nosa necesidade primordial é integrámonos como unha actividade máis dentro do concello, estamos medrando moito pero para continuar nesta liña quizais sería bo que houbera máis axudas xa que é unha cousa que está en auge. Refírome a axudas en canto á formación, para poder ter acceso a mellor material ou a infraestruturas máis completas. E o que tamén estamos buscando para poder facilitar a conciliación familiar a tódolos pais, e dende o club facemos un chamamento, é unha empresa local de autobuses que poida facilitar un medio de transporte ao club e recolla aos nenos á saída do colexio para levarlos ata o campo de adestramento. Iso facilitaría moito a vida dos pais e tamén dos nenos.

Relevo xeracional na LNB NorLeste?

Por **Asoc. O Varal. Daniel Rodríguez**

O veranillo de San Miguel colleunos de cheo esta segunda xornada da LNB Norleste cando se disputou o XI Aberto do Ferro. O campo de fútbol da Mina en magníficas condicións foi testemuña dun novo récord de participantes que alcanzou o número exacto de 101 (62 homes, 28 donas e 13 cativos menores de catorce anos).

Emocionante a loita polos primeiros postos ca xuventude querendo e acadando nalgún caso dar o sorpaso os veteranos. Os máis destacados desta nova xeración foron Manu Caldeiro, Anthony, Gundar, Marcos, Aroa e os infantís Diego, Mateu e Antía que llo están poñendo muy difícil as vacas sagradas.

Manu Caldeiro confirmou as boas sensacións cas que rematou a tempada pasada e repetiu trunfo neste escenario, aínda que con distinto equipo (antes Carabullo e agora Billarda Verde). Segundo foi Anthony (Carabullo) e terceiro o local Regueiro (Troitas Bravas). En donas Aroa (Billardeiros Musicais) parece que o leva de calle este ano, segunda foi Sara (Billarda Verde) e terceira a inconcombustible Geni (Billardeiros Musicais). En infantís repiten Diego e Mateu (Madia Leva) acompañados



desta volta por Antía (Troitas Bravas). Por equipos, semella que a loita vai ser mui reñida, repítese o podio da primeira xornada cos Billardeiros Musicais de Ribadeo no primeiro posto, segundos os locais Troitas Bravas (A Ponteneova) e terceiros os Carabullo (Ponte de Outeiro), que malia a ter destacadas ausencias hoxe, foi capeando o temporal.

A herba artificial non facilitou o xogo, víronse tiros espectaculares de varios palanadores, mais naide foi quen de acadar un Varado. A mais das consabidas navallas artesáns, houbo trofeos para os primeiros en cada categoría e diploma para todos os infantís participantes.

Non cabe outra que felicitar os anfitrións polo magnífico traballo na organización deste aberto que vai quedar nun lugar de privilexio na historia da LNB.

As Pontes terá o primeiro campionato internacional de ciclocross este mes

As Pontes acollerá o vindeiro mércores, 12 de outubro, o primeiro campionato internacional de ciclocross Lago das Pontes, unha proba que reunirá a elite do ciclismo nacional e internacional, na categoría C2-UCI

A proba organizada polo club de ciclismo As Pontes Vilalba, coa colaboración do Concello das Pontes, celebrárase na contorna do lago, un dos mellores escenarios posibles para a práctica deste deporte, un espazo natural único, no que se combinan diferentes tipos de superficies, con múltiples obstáculos naturais.

Elena López, concelleira de Turismo apunta que “coa celebración desta proba constátase, unha vez máis, o potencial do concello das Pontes, para albergar probas deportivas de transcendencia así como a gran labor que fan os clubs deportivos da vila, neste caso o club de ciclismo As Pontes Vilalba, no posicionamento das Pontes no ámbito do deporte de elite”

As persoas participantes nesta proba terán que afrontarse a un percorrido de 3,3 quilómetros



no que atoparán 500 metros de herba, 450 metros de grava, 200 metros de terra e 150 metros de area, nos que ademais terán que superar diferentes tipos de obstáculos, tanto naturais como artificiais, tales como pasos elevados, taboleiros, ladeiras ou chanzos. Nesta competición daranse cita as categorías ELITE-SUB23 masculina e feminina, júnior masculina e feminina, cadete masculina e feminina e máster 30/40/50/60 masculina e feminina.

EN BREVE

BTT FRIOL. A II Ruta BTT por Friol, organizada polo club local terá lugar o domingo 22 de outubro para ciclistas maiores de 15 anos federados. Esta constará de dúas rutas, a longa de 70 km e 1.800 metros de altitude, e a curta de 40 quilómetros e 750 metros. A inscrición inclúe o xantar. As dúas rutas terán saída ás 9.00 horas e haberá avituallamento.

GOLF. A localidade das Pontes acollerá este mes a terceira edición do Curso de Iniciación ao Golf, que se desenvolverá no lago dirixida a nenos de máis de sete anos e adultos. As sesións terán lugar os días os domingos 16 e 30 de outubro, ademais do 13 e 27 de novembro en horario de 11.00 a 14.00 horas. As persoas interesadas en participar deberá inscribirse con anterioridade no teléfono 627 53 60 59 ou no email golfriogrande@gmail.com. Os participantes recibirán de agasallo pola súa inscrición, que ten un prezo de 20 euros, unha luva.

NORTHWEST TRIMAN. A novena edición do Northwest Trimán, o único triatlón de longa distancia de Galicia, xa ten data para a próxima edición, que será o 25 de xuño de 2023 na zona do lago das Pontes. Así mesmo haberá unha proba de media distancia. A organización xa ten aberto o período de inscrición co mesmo prezo que os anos anterior a través do sitio Rockthesport.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	TELÉFONOS DE INTERESE Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
			XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓNS

Saleta Goi

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Adóitase dicir que detrás dun gran home sempre existe unha gran muller. E para que disimular, xa que normalmente tal afirmación resulta ser certa. No mes de setembro marchou Saleta Goi, a compañeira de vida durante case medio século do poeta nacional galego por excelencia, e por derivación tamén chairego, Manuel María, ata a morte deste, acontecida en dous mil catro.

Saleta naceu hai noventa anos,

co cal lle tocou vivir a súa nenez, adolescencia e boa parte da etapa adulta en plena ditadura franquista. Ela e o seu marido foron comprometidos militantes do Galeguismo con letras maiúsculas nunha época onde iso supoñía ir contra o sistema. Non remar na dirección marcada polo establecido, supoñía correr un risco considerable. E así foi, xa que ámbolos dous sufriron acoso e intimidación por esa dedicación firme na defensa dos dereitos culturais e nacionais de Galicia. Durante o tempo que botaron en Monforte de Lemos, mentres Manuel María exercía a profesión de procurador, Saleta rexentaba a Librería Xistral, lugar no que se atendía o público en galego, o que lle

valeu ser obxecto de campañas de descrédito. Ese activismo, lembremos, en pleno franquismo, derivou en rexistros domiciliarios e mesmo en detencións. Non os venceron, porque a forza da razón neste caso e en moitos outros é máis potente que a razón da forza. Manuel María seguiu a escribir e a súa obra aí está presente; como dicíamos ao principio, el era poeta chairego, xa que A Chaira estaba presente sempre no seu pensamento, no seu corazón e na súa creación literaria. E tanto el como a súa dona continuaron esa loita a prol de Galicia, do seu idioma e das súas xentes. A raíz do pasamento, a súa viúva impulsou a Fundación Manuel María, sendo ata a data a presiden-

ta. A adquisición da vivenda natal do escritor, A Casa das Hortas, en Outeiro de Rei, para convertela en casa museo foi a culminación dun longo proceso. Desde esta entidade amósase ao público o seu legado, levando a cabo obras teatrais e musicais, publicacións e outros actos que conseguen que a memoria de Manuel María siga viva de maneira permanente. Con posterioridade, viría o merecido recoñecemento tras serlle dedicado o Día das Letras Galegas no ano 2016. A implicación de Saleta levouna a ser parte daquela asemblea no pavillón de Riazor onde se pretendeu artellar nunha organización política o conxunto do nacionalismo galego. A casualidade quixo que se

cumprisen xusto neste mes de setembro corenta anos daquel acto fundacional.

Saleta Goi era unha muller excepcional, amante da conversa e que sempre recibía a todo o mundo cun sorriso acolledor. Atenta con todo aquel que a requirise, opinaba con sentido crítico da actualidade, sempre con espírito calmo e cordial.

Parafraseando a Mercedes Queixas, deputada no Parlamento Galego e biógrafa de Manuel María, foise a compañeira das lúas de outono, a muller nación, memoria viva desta nosa patria que existe grazas a mulleres nación referentes como ela.

Que a Terra lle sexa leve

Bufón e amigo de Prisciliano

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Acaba de cumprir os setenta e na actualidade lidera a Igrexa Patólica no barrio madrileño de Lavapiés, onde me recibe solemne e co seu uniforme de gala. Recoñecido mundialmente polas súas extravagantes actuacións teatrais e innumerables accións provocadoras, procede dunha antiga liñaxe de comediantes excéntricos e de pallasos circenses chegados de Italia, Francia, Inglaterra, Austria e Polonia. Amado ou odiado polo bufón que é, nunca buscou o consenso como artista ou como home. A súa arte, libre de convencións, ofrece ao público unha experiencia apaixonante, sensacional e estremecedora, onde a provocación é unha linguaxe e non un propósito. Refírome a Leo Bassi (Nova Iorque, 1952), membro de Amigos de Prisciliano, Europa Laica e máximo representante da Igrexa Patólica no planeta Terra.

O patolicismo é unha verdadeira relixión que sacraliza o humor e a risa como expresión do máis alto intelecto humano. Chámase así polo culto ao deus Pato, unha divindade a imaxe e semellanza dun pato de goma amarelo de bañeira. O deus Pato representa valores fundamentais como a humildade, o optimismo e o espírito lúdico, pero

reivindica tamén o dereito á burla como acto transcendental. A Igrexa Patólica declárase filla da Ilustración e defensora da dúbida como escudo contra escurantismos, totalitarismos ou supersticións. E cada domingo, calquera pode asistir ás misas ateas e mesmo pasar polo altar para contraer matrimonio patólico, nunha cerimonia oficiada polo propio Bassi.

Leo pasou a súa infancia no circo familiar, viaxando continuamente, nunca tivo un país de referencia e sempre garda a lembranza de grandes cómicos como Groucho Marx, Charlie Rivel e outros recoñecidos membros da escena teatral que tamén facían cinema e tiñan o circo como denominador común. "Vivín sen ter un país propio, seguindo aos meus pais por camerinos, pistas, carpas, teatros... e mudando constantemente de rexistro, dun idioma a outro. A miña familia actuou durante moitos anos en Estados Unidos, Canadá, Austria, Francia, Italia... Así cheguei a converterme en cidadán do mundo. Outro recordo é coñecer a grandes personalidades de clase humilde; porque non crecín entre aristócratas, senón co pobo, coa xente máis básica, pero que tiña un orgullo de non depender de ninguén e ser totalmente libre. A última vez que vin o interior dunha escola tiña quince anos, non cursei estudo oficial algún, fíxeno todo pola miña conta até chegar á Universidade, lendo libros nos intres libres", confésame cun amplo sorriso.



Bassi é un autodidacta en toda regra, como a xente do circo. E coa referencia permanente de grandes iconas. O seu pai traballou co Gordo e o Fraco, el era moi pequeno cando finaron, pero coñeceu moitas anécdotas deles. E o seu avó fixo o propio con Sydney Chaplin, o irmán de Charlot. A educación de Leo baseouse na idea de que non hai que axeonllarse ante ningún poder. "Somos igual de fortes ca o máis forte. A mentalidade americana do self made man, o eterno misterio do bufón que se outorga a si mesmo o dereito para insultar ao rei ou ao emperador, sen necesidade de que alguén llo ordene, senón porque se cre con ese dereito". Charles Chaplin, Charlie Rivel ou Groucho Marx demostrárono. A proba está

no poder de Chaplin, que mentres tiña problemas coas autoridades norteamericanas, escribiu, dirixiu e protagonizou a película "Tempos modernos", unha crítica feroz ao capitalismo salvaxe e ao taylorismo. O seu pai contáballe que na roulotte da familia Bassi había tantos fillos (sete) que xa non cabían todos dentro. El era un dos máis pequenos e a súa avoa fixo unha caseta baixo aquel fogar móbil con camas, metía alí aos nenos e despois pechaba, así que o seu pai tiña que ouriñar antes de ir durmir porque despois quedaba encerrado toda a noite. Isto contábao con orgullo, e el fica fachendoso de proceder dun mundo así; se puxo en marcha proxectos como o Bassibus ou a Igrexa Patólica é porque non pensa axeonllarse

fronte a señores como Rouco Varela, persoeiro polo cal amosa especial antipatía.

Antes de despedirmos até a vindeira ocasión, non podo evitar preguntarlle como se considera en realidade. Bufón, pallaso ou provocador? "Bufón, sen dúbida, porque é o que represento", responde sen matinalo demasiado, aínda que axiña explica que "o pallaso perdeu moita da súa forza, quedou relegado á imaxe de pais e fillos rindo xuntos e a min nunca me interesou ese tipo de pallaso". Garda na casa carteis do século XIX onde se anuncian actuacións de circo con pallasos e indícase "función prohibida aos nenos". De feito, o circo era considerado un dos espectáculos máis atrevidos da época, pensaban que era demasiado sofisticado e daba excesivo medo para que entrasen os raparigos; a idea de que o circo se identificase cos máis pequenos é propia dos séculos XX e XXI.

Nas pantomimas e "performances" que organiza polo mundo adiante, Leo Bassi reivindica permanentemente a figura do bufón e tamén do circo como era antes, cando o histrión precisaba ao resto de artistas. "Os bufóns son músicos, malabaristas, acróbatas... e representan para o pobo un traballo manual difícil, por iso son dignos de admiración". Así remata unha conversa apaixonante con este home de mundo, a quen aproveito para convidar a que visite Reigada, berce de mentes ilustres e terra sempre acolledora co viaxeiro.

Manuel de Veras de Liñarede

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Manuel Castro Veras naceu no ano 1919 na aldea que ten o bonito nome de Liñarede, unha das aldeas situadas mais ao sur da parroquia dos Vila-res de Díaz Castro; entre Vilargabín e O Cando, xa de San Salvador. Esa aldea sempre tivo tres casas: A de Ciprián, a de Veras -quizás chamada así por unha deturpación do apelido Veres- e a de Cadete, que logo mercaron a medias Veras e Ciprián.

Era primo segundo de Xosé María Díaz Castro e naqueles tempos tamén era un dos mais preparados da parroquia. Estudiu as primeiras letras nos Vila-res e despois mandárono aos Maristas da Coruña, aínda que seu tío, Jesús Veras Díaz, cura de Santa Cruz de Parga, quería mandalo ao Seminario de Mondoñedo, pero segundo a súa sobriña Carme díxolle que non, que el quería dous pares de zocas debaixo da cama, e despois de pasar un tempo na Coruña, no 1936, con 17 anos mandárono para Mahon. Logo, cando rematou a guerra, volveu para a casa e dedicouse a traballar o lugar.

No ano 1957 cumpríuse o seu desexo de ter dous pares de zocas debaixo da cama, pois nese ano casou



con Rosalina Pernas Otero, de 27 anos -once anos mis nova-, da parroquia de Goiriz, e aquela casa seguiu sendo a da Misericordia, como xa lle chamaban antes os veciños por dar pousada a todo aquel que a necesitara. Alí paraban sempre os probes que viñan pedindo e o capador Serafín Vispalía, nacido en Cospeito, que tiña dous fillos casados con dúas irmáns de Rosalina.

A casa de Veras era unha casa de labradores moi forte. Tiña un bo lugar e incluso houbo un tempo no que tivo caseiros, pois cando seu pai mercou a casa de Cadete estiveron nela Emilio da Tolda e despois os da Cuca, traballando unha parte do lugar. Logo, cando se foron os caseiros, e era moito o traballo, tamén tivo algúns traballadores, que daquela a xente chamaba criados. Tivo un, ao que lle tiña moito aprecio, que se chamaba Xosé, ao que seica lle faltaba algo de entendemento, por iso cando o chamaron para ir ao servizo militar Manuel

foi con el para ver si o podía librar desa obrigación por non ter todos os coñecementos. Recibiunos un capitán e Manuel explicoulle que non era apto para facer ese servizo e o capitán preguntoulle a Xosé a onde quería ir facer o servizo militar e Xosé contestoulle: Coas vacas para a Pena Cova. O militar ao escoitar aquilo, díxolle: Pois váiase, vaia coas vacas para a Pena Cova.

Manuel era un gran emprendedor e a finais dos anos sesenta construíu unha casa no Castro das Reixas coa intención de poñer taberna con ultramarinos e un almacén no que vendía sal, mineral e outros abonos. Ansiaba o progreso e foi un dos primeiros da parroquia que fixo un silo de ladrillo e cemento para conservar a herba e o millo, que aínda podemos ver hoxe detrás da casa. Unha proba da súa vontade de facer realidade os seus pensamentos foi cando decidiu facer mais fonda a corte das vacas utilizando dinamita controlada polo meu veciño, o

poceiro Serafín do Rei, da Tiñaz, que aprendeu a manexala e a bailar o "chiringhual" cos mouros, cando estivo facendo o servizo militar en Melilla. Penso que sería a primeira vez que se utilizou ese explosivo dentro dunha casa de pedra, pero foi todo un éxito que agrandou a corte e vimos a mestría do poceiro da Tiñaz manexando a dinamita e a valentía de Manuel.

Sabedor dos problemas e atrancos do minifundio, loitaba polo parcelamento e apoiaba aos técnicos da Extensión Agraria. Na casa que fixo no Castro das Reixas organizaba as asembleas con eses técnicos, ás que asistían a maior parte dos veciños da parroquia. Quería que os veciños levaran a cabo os consellos que lles daban os especialistas da Agraria e organizaba viaxes a outros lugares onde xa se practicaban esas técnicas. Os veciños de Liñarede, de Vilargabín, As Mourelas, Novás e algúns de Vilasuso, tiñan en parcería o muiño de Liñarede, que recollía a auga da famosa fonte de Piavade, pero o

vello muiño quedábase pequeno e desfasado para os novos tempos, polo que entre 1959 e 1960 propúxolle aos parceiros tiralo e facer outro mais grande con dúas moas, para o que contrataron aos mestres can-teiros, Xesús de Carreira de Arxán e Xermán do Cal, que fixeron o muiño e unha presa mais grande, na que logo nos bañábase de nenos.

Mais tarde, na súa defensa do comunal ante o privado, tamén tivo que encabezar un preito ante os tribunais de xustiza pola auga desa fonte, tan boa que a pedían os moribundos nas últimas horas de vida e que abastecía ó muiño, porque "Mirón do Monte", de San Salvador, canalizouna para uso propio na súa casa e no seu lugar que tiña monte abaixo, pero Manuel gañou o preito, polo que as augas volveron a canle do muiño comunal de Liñarede, que puido seguir moendo mentres os veciños seguiron sementando trigo, centeo ou millo e nós, na nosa xuventude, utilizando a presa como piscina.

Mochilas cheas de ilusión

O PUPITRE



Julio Díaz

Quero dar unha benvida moi especial a este novo curso escolar xa que estamos a recuperar encontros, bicos, apertas... e, dentro da nova e ilusionante rutina do "fora máscaras", por fin os rapaces mais novos van coñecer ós seus compañeiros "tal cal", despois de dous anos e medio de pandemia.

Todos os comezos de curso son difíciles, temos que despreguizar a uns rapaces que veñen de vivir un longo tempo de sol, praia, montaña, amigos, liberdade de horarios... pero volven coa ilusión de quen non sabe moi ben co que se van a atopar. Nossos rapaces/as reencóntranse con compañeiros/

as do curso anterior, coñecerán outros novos e darán comezo toda unha serie de relacións inesquecibles entre eles e, como non, tamén cos profesores.

Eu sei que ensinar e unha tarefa complicada, aprender tamén o é; da vertixe de feito. Os que somos docentes sabemos que somos, xunto ás familias, os encargados de ir tecendo as ramas que logo conformarán os varelos, follas e a árbore enteira.

Escoitaba este ano a unha compañeira docente na porta da súa aula comentar con outros compañeiros que todos os comezos de curso son complicados non só para nais, pais e alumnos, senón tamén, e sobre todo, para os docentes. Nesta conversa a compañeira dixo unha frase que quedou gravada na miña mente: "Eu tamén estou nerviosa, teño que conquistarlos", teño que conquistarlos, que gran reto!

Levo moitos anos dedicado á docencia dunha ou doutra maneira, quizais demasiados, e sinto este comezo de curso de maneira moi distinta. Auguro un curso certamente complexo con esta nova lei que envolve todo nun mar de incertezas e novidades. Mais por outro lado sei que nós, os docentes, sempre estaremos aí, a altura das circunstancias. Vimos de superar as dúas pandemias, a sanitaria e a educativa, cun "sobresaliente cum laude". En tempo récord fomos capaces de continuar ca nosa tarefa educativa nunhas condicións totalmente novas para nos, confirmándose que a aprendizaxe prodúcese cando alguén quere aprender, mais que cando outro pretende ensinalle; en iso consistiu o noso éxito durante a pandemia. Con moi poucas ferramentas fomos capaces de espertar o interese dos nosos alumnos, acadando aprendizaxes

O RECUNCHO DE CANELINA



significativos e relevantes, a base de manter neles unha constante disposición emocional cara a este aprendizaxe.

Seríamos inxustos se non comparáramos este éxito coas familias, pois elas foron e seguen a ser, o pilar fundamental da formación dos nosos rapaces. A familia é, de feito, a parte substancial da comunidade educativa, tendo non so o dereito, senón tamén o deber, de participar no proxecto educativo dos seus fillos. Para aquelas que

non o consideren así comentarlles que todas as pedras que lancen sobre o tellado da escola caerán sobre as cabezas dos seus fillos/as.

Para rematar, quero desexar desde o meu "pupitre" un proveitoso curso escolar 2022/2023 cunha frase que recolleu Mark Twain dunha mestra no seu primeiro día de escola despois dunha longa ausencia "foi como tratar de manter trinta e cinco cortizas baixo a auga ó mesmo tempo".

DE RUTA EN RUTA

Muras: Un dos mellores ecosistemas fluviaais

Un roteiro que combina os tres ríos, os montes da Serra do Xistral con cabalos salvaxes e as carballeiras do Viveiró

Muras conta cun dos mellores ecosistemas fluviaais de Europa xa que os rodean tres ríos e arrosos cheos de troitas: Landro, Eume e Sor. Ao seu redor dúcias de recunchos e camiños coñecidos e por descubrir.

Ademais están rodeados de ríos e montes e gozan de dous espazos naturais protexidos como son a Serra do Xistral no extremo oriental, e as ribeiras do río Sor no sector occidental.

Á paisaxe do Xistral únese a visión de cabalos salvaxes en liberdade da raza de cabalo galego e hispano-bretoa. Nas terras montañosas do Guriscado e a Curruxeira que levan ata Viveiró, a paisaxe vólvese cada vez máis frondosa, con carbalos, castiñeiros e bidueiros. Entre a súa fauna hai aves rapaces como o aguilucho cenizo e o ratoneiro; e mamíferos como o lobo, o xabaril, o raposo e o corzo. Dende o porto A Gañidoira que se atopa a 737 metros, as vistas do macizo amosan os montes da Xestosa, Guriscado, O Chao, Curuxeira, Lebureiro, O Cadramón e Pena do Seixo.

DA VEIGA A CARELLE. No Concello de Muras hai unha preciosa ruta de sendeirismo de 8,5 quilómetros que parte dende a Área recreativa A Veiga ata o complexo da Aldea Etnográfica de Carelle.

O percorrido está sinalizado e conta con paneis con información etnográfica e ambiental da zona.

Subdivídese en tres tramos: A Ruta da Fraga, de dificultade media; a Ruta do Río, tamén de dificultade media; e a Ruta de Carelle, de dificultade media-baixa. Pódese facer seguida (cómpre entre 2,30 e 3 horas) ou ben pódese escoller un dos tramos, cada un duns 3 quilómetros con sinais e paneis de información ambiental e etnográfica.

RUTA DO REGO DOS CORUXOS.

Esta é un pouco máis longa que anterior, concretamente de 9,5 quilómetros que pódense facer nunhas tres horas media. De trazado circular retorna ao punto de partida (Igrexa Viveiró) e discorre pola beira do Rego dos Coruxos. Hai tres tramos, sobre asfalto e por camiños e carreiros.

Para crear a ruta limpáronse 1,5 quilómetros de camiños tratando de respectar no máximo posible a contorna. Atopáredes indicadores de madeira nos cruces, indicadores de carreiro lonxitudinalmente á ruta nos treitos non asfaltados e indicadores de situación para informar do punto onde vos atopades.



DATOS



2 horas



8,5 km.



Dificultade
baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05